



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 30 DE MARZO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de marzo do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez.
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago.
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz.
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez.

Non asiste:

- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

#### **PUNTO 1º.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (ORDINARIA 27/01/2012, EXTRAORDINARIA URXENTE 24/02/2012, EXTRAORDINARIA 28/02/2012 E EXTRAORDINARIA URXENTE 20/03/2012).**

A señora Estévez Álvarez di que ten unha moción para presentar por vía de urxencia, e o señor Alcalde contesta que hai tres mocións de urxencia, unha do equipo de goberno, unha de Convergencia Galega e outra do PP, e serán tratadas ó finalizar o punto de mocións.

A señora Estévez Alvarez di que entre o público se atopa a filla de Valentían González, afectado da rúa Baixo Muro, e pide se cabe alterar o orde das mocións, e que a que se refire a esa rúa se trate en primeiro lugar, así como tamén pide se esa persoa pode intervir para dicir unhas palabras.

O señor Alcalde di que non hai problema no cambio de orde das mocións.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

En relación coas actas, a señora Estévez Álvarez non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor, coa abstención dos que estiveran ausentes.

Sometida a votación a **acta de 27/01/2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 24/02/2012**, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sr. Español Otero (unha abstención).

Sometida a votación a **acta de 28/02/2012**, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quince votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Pazos Lomba Baz (unha abstención).

Sometida a votación a **acta de 20/03/2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **PUNTO 2º.- DAR CONTA DECRETOS.**

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

### **PUNTO 3º.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CERTIFICADA DE OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A PROVEEDORES.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

### **PUNTO 4º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ENSINANZA NO CONSERVATORIO MUNICIPAL.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

### **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ENSINANZANO CONSERVATORIO MUNICIPAL**

**Proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:**

**Vistos os informes emitidos por Secretaría e Intervención en relación con este asunto.**

**O Pleno do Concello, previa deliberación, de conformidade co art. 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, ACORDA :**

**PRIMEIRO. Aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ensinanza no conservatorio municipal co texto que figura no expediente.**

**SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se insertará no tablón de anuncios municipal durante o prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación de dito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cual os interesados podrán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.**

**TERCEIRO. No caso de que non se presentasen alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo se entenderá definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co art 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais».**

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, xa presentaron unha moción por urxencia sobre este tema.

O señor Lomba Alonso di que votarán en contra, pois supón unha suba do prezo que repercute na cidadanía, tendo en conta a situación económica actual, e cre que hai outras medidas que poderían adoptar para manter o Conservatorio, como solicitar á Consellería de



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Educación que se fixera cargo do mesmo, pois entende que debe ser outra Administración a que cargue co seu financiamento.

A señora Iglesias Ferreira di que o asunto xa foi tratado na Comisión de Contas. O informe económico e o déficit é demoedor, o custe é elevado, pero o servizo é importante. Non saben se é posible pero lles houbera gustado que se valorase o pago por nivel de renta, ou outras opcións ou bonificacións. Se van abster.

Intervén o señor Lomba Baz e di que non poden respostar a Convergencia Galega, porque non saben da súa moción. Diríxese ó BNG e di que nas consultas realizadas, a Consellería de Educación foi tallante, non se farían cargo, teñen resposta oral nese sentido. Explica que o motivo desta modificación é a sostibilidade do servizo, é deficitario, hai servizos que sempre serán deficitarios. A Xunta minorou a subvención, agora é ridícula, pois concede 3.300 euros, baixou en 10.000 euros, e a mellor decisión é repercutilo nos usuarios, é unha suba asumible, fixeron contas, o Conservatorio non era moi caro, senón que era asumible, como calquera actividade extraescolar que exista, o prezo non é esaxerado, pois para alguén de fora da Guarda que pague o prezo completo, a hora lle sae por 5 euros. Di que a repercusión para os usuarios é leve, e sinala que hai que apuntar que a culpable é a Xunta, posi se producen recortes ós Concellos e chega un momento que os servizos se fan insostibels, aínda que están dispostos a escoitar ideas.

O señor Lomba Alonso di que se houbo consultas orais, hai que poñerse a traballar máis, cunha petición seria á Xunta, pois ante o problema actual de falta de financiamento, tanto por parte do Estado como da Xunta, entende que debe facer cargo eles.

A señora Iglesias Ferreira di que na xustificación do orzamento para o 2012 se dixo que os axustes se facían para manter servizos como a piscina ou o Conservatorio. Sinala que lle parece lamentable a redución da subvención por parte da Xunta, pero o déficit do Conservatorio é de 87.000 euros, e a redución da subvención é de 10.000 euros, polo que haberá outro culpables. O prezo é barato, pero a Xunta non é culpable.

O señor Lomba Baz di que entón entende que o PP vai votar a favor, para tratar de paliar ese déficit, contestando a señora Iglesias Ferreira que a Ordenanza foi elaborada polo GMS seguindo os seus criterios e sen contar con ninguén, eles propoñen outras opcións, pero non dixeron que foran a aprobalo.

O señor Lomba Baz preguntalle á señora Iglesias Ferreira se a suba lle parece excesiva, contestando a señora Iglesias Ferreira que ela non estivo na Comisión de Contas, pero o prezo da hora dun profesinal a 4 ou 5 euros non é excesivo, pero entende que o problema está na xestión do servizo e outras causas.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra)

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

### PUNTO 5º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE DE 2011.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

### PUNTO 6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO INTERPOSTO POR DNA. BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, REPRESENTANTE DE CONVERXENCIA GALEGA, CONTRA O ACORDO DO PLENO DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**CONSIDERANDO** que na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno do Concello da Guarda en data de 28 de febreiro de 2012 adoptouse o acordo de prorrogar contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal, en favor da empresa TRANSGALAICA, por prazo dun ano contado a partir da formalización do contrato en documento administrativo, sendo obxecto de impugnación presentada por dona Beatriz Estévez Álvarez, voceira de Convergencia Galega, e sendo emitido informe por parte da Secretaría municipal, no que propón o Pleno do Concello a desestimación do recurso interposto por carecer de lexitimación activa para impugnar o acordo, dado que non votou en contra do mesmo, e non sendo necesario entrar no fondo do asunto plantexado pola recorrente

**Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Beatriz Estévez Álvarez, voceira do grupo municipal Convergencia Galega, contra o acordo do Pleno do Concello da Guarda de data 28 de febreiro de 2012, de prórroga do contrato de xestión da piscina municipal, por carecer de lexitimación activa para impugnar o acordo, por non cumprir o requisito de votar en contra do mesmo, ó haberse absterido na votación, de acordo co disposto nos artigos 63.1.B) da LRBRL, xunto co artigo 209.2 do ROFRXEL), non sendo necesario pronunciarse sobre o fondo do asunto, e sen perxucio das aclaracións feitas no presente informe sobre o mesmo.

2.- Notificar o presente acordo á recorrente, cos recursos que procedan.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A Guarda , 21 de marzo de 2012  
O Alcalde,  
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”**

*A señora Estévez Álvarez di “nós vamos a votar en contra deste punto porque nos consideramos que o procedemento para a prórroga da explotación da piscina municipal tivo un mal comenzo, non estaba axustado ó procedemento legal por diferentes motivos: nos o 27 de febreiro presentamos un escrito dirixido a este Concello co número de entrada 1024 solicitando unha serie de documentación sobre o punto tres do orde do día do Pleno extraordinario de 28 de febreiro. Como indica o informe da Secretaria de 21 de marzo de 2012, a citada documentación non obra en poder do Concello no momento de convocar o Pleno, sendo presentada pola empresa en data de 6 de marzo de 2012, é dicir, entrega posterior ó Pleno extraordinario no que se aprobou a prórroga. A impugnación presentada por esta concelleira é porque entende que a documentación presentada pola empresa e entregada a min con data 13 de marzo, sobrepasando o período legal de cinco días sinalado no artigo 14.2 do Real Decreto 2568 do 1976, e tras estes feitos, eu entendo que o proceso seguido para a prórroga da xestión da piscina non é correcto, primeiro a empresa debía entregar a documentación tódolos anos, como indica o contrato; logo esta documentación debía estar entregada ós concelleiros para o seu estudio e así poder tomar unha decisión no Pleno sobre a procedencia ou non da prórroga, ten que basearse no reflexado nos documentos dos que ten a obriga de presentar. En conclusión, eu creo que solicitar a impugnación do acordo tomado no Pleno extraordinario do 28 do 2012 porque todo o proceso administrativo, volvo a repetir, está mal feito, de seguir adiante con el estamos ante un caso de presunta prevaricación recollida no artigo 404 do Código Penal, incurrindo nesta responsabilidade os concelleiros que votaron afirmamente e tamén a Secretaria do Concello por non advertir das irregularidades que tiña o procedemento seguido”.*

Intervén o señor Lomba Alonso e di que él vai ser coidadoso. Di que tendo en conta o informe da Secretaria, ten claro que para presentar unha impugnación hai que votar en contra, incluso aínda que non se teña toda a documentación, pois precisamente non ter toda a documentación pode ser un motivo para votar en contra, porque absterse nunha votación e logo alegar é máis que cuestionable. Di que non hai moito máis que dicir pola súa banda, e as palabras que se acaban de dicir aquí neste Pleno a ver quén as pode soste durante moito tempo. O resto xa o deixaron claro cando se aprobou o punto, a preocupación do BNG é o encarecemento dos servizos, o recorte das horas e días, e a falta de inversións na piscina, como no caso da cuberta, di que cada certo tempo insisten neste tema. Se van abster porque entende que nin sequera ten materia.

A señora Iglesias Ferreira di que o PP, avalado polo informe da Secretaria na falta de lexitimación, e pensan que o procedemento está claro. Manteñen o posicionamento anterior, se van abster.

Intervén o señor Español Otero e diríxese á señora Estévez Álvarez dicíndolle que menuda *papeleta* ten, pois acaba de ler un escrito que non sabe se a concelleira é consciente das afirmacións que se fan, no que cuestiona a legalidade, o informe de secretaría, o proceso, di que a persoa que fixo o escrito marchou. Di que é triste que estemos actuando desta maneira, que a lexitima representante dunha formación política se vexa utilizada tan



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

burdamente por unha persoa. di que a concelleira de Convergencia Galega actúa como “os kamikazes que tiraban o avión ós barcos por orde suprema”, actúa con frivolidade, pois o atrevemento unido ó descoñecemento é unha bomba. Di que hai que ter moitísimo coidado, e debería pedir a esa xente que lle rodea e lle fai as indicacións que todo ten un rodaxe e un aprendizaxe, ela non é a mellor do mundo, non pode chegar aquí e parecer que aprendeu en tres días o que a algúns lles leva anos. Pide que sexan coidadosos con ela, pensa que non a deben querer moi ben cando lle fan o que lle fan. Aquí se soltaron expresións que son case de xulgado, porque dicirlle a unha Secretaria que o procedemento está mal feito e que hai ilegalidades en todo o procedemento, e o seu informe non ten validez algunha, iso hai que sostelo, e dicir que se pode estar prevaricando, non sabe se é consciente do papel dunha Secretaria nun Concello, parécelle dun atrevemento e un descoñecemento absoluto.

A señora Estévez Álvarez di que o que acaba de expoñer non é só cuestión dunha persoa, son varias as persoas que están detrás de Convergencia Galega. Non discute a falta de lexitimación, pagou a novatada e non votou en contra, e no que se basa para dicir o de prevaricación, que é moi mal sonante e se da moi mal a entender é no proceso da prórroga, se a empresa non da os informes pertinentes e os da despois, eles se refiren a iso, non ó informe de que por absterse con ten lexitimación.

O señor Español Otero di que na Comisión de Asuntos Plenarios xa lle deron pistas, ela preguntou se era legal, e simplemente tiña que preguntar á Secretaria se o acordo é legal, cre que o informe é diáfano, pero podía haber preguntado antes de dicir todo o que acaba de dicir, e podería terse aforrado unha sarta de afirmacións semellantes. Di que é unha falta de respecto á Corporación e ós funcionarios.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

### **PUNTO 7º.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA SOBRE CREACIÓN DUN CONSORCIO DE SERVICIO DE EMERXENCIAS E INTERVENCIÓNS RÁPIDAS.**

O señor Alcalde explica que no anterior Pleno se presentou unha moción de Convergencia Galega para a creación deste Consorcio, quedando sobre a mesa porque era necesaria a emisión deste informe de Secretaría sobre os pasos a dar para tal creación, sinalando que debe contar tamén co visto bó dos outros dous Concellos mencionados.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

### **PUNTO 8º.- MOCIÓNS.**

#### **R.E. nº 1.195 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

#### **EXPON:**

**A rúa Baixo Muro, é un vial moi singular dentro da vila guardesa, aquí non imos a entrar nas súas peculiaridades históricas.**

**A rúa do Baixo Miño, é unfa das poucas rúas que para acceder a ela (entrar ou saír) faise necesario o uso de escaleiras, pero ademáis, ollando o padrón de poboación, nesa zona, o número máis numeroso de vecinos, é de persoas maiores, un por enfermidades, outros que pola súa idade teñen problemas físicos que dificultan a mobilidade, e, especificamente, entre os seus residentes, hai varios vecinos que precisan o uso de cadeira de rodas.**

**Creemos que é necesario e de Xustiza Social ofrecerlles aos residentes desta rúa unha opción que lies facilite o acceso a mesma, e non telos condenados a vivir os derradeiros anos da súa vida, pechados na vivenda,**

**Por todo elo, vimos a PRESENTAR para o séu debate e aprobación si procede a seguinte MOCIÓN:**

**A Corporación Municipal de A Guarda, acorda:**

**a).- Instalar unha rampa de acceso dende a rúa Colón ao Baixo Muro (antiga porta da muralla) nas cercanías da Confraría; na que os seus elementos sexan desmontables, para non danñar ese paramento histórico.**

**b).- As particularidades técnicas, como ángulos de xiro, anchos, elementos de construción...deben axustarse o sinalado na Lei de Accesibilidade.**

**A Guarda, a 05 de Marzo do 2.012**

**Beatriz Estevez Alvarez”**

A señora García Díaz di que o BNG xa demandou solucións para mellorar a accesibilidade, non se opoñen á rampa, e piden ó equipo de goberno que estudie as posibilidades, pensa que o axeitado sería demandar a realización dun estudo, pois igual caben outras posibilidades.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que xa se tratou o asunto, o afectado estivo no Concello, falaron co señor Español Otero e foi un técnico, parecía que non existía viabilidade dun sistema de rampa. Están dispostos a apoiar a moción, pero as mocións debe ter fundamento e sentido, deberían pedir estudos técnicos, piden que se cambie a moción nese sentido.

Intervén o señor Español Otero e di que se trata dun tema que ven de atrás, incluso veu a televisión, e debe dicir que o equipo de goberno, tanto nesa como noutras rúas m tivo a preocupación da supresión de barreiras arquitectónicas. Explica que a rampa proposta debe cumprir cos requisitos de accesibilidade, e se fora posible xa estaría instalada. Na Comisión de Asuntos Plenarios se lles entregou un croquis ós grupos, que fixo un técnico municipal, con dúas opcións que non son factibles. Fai referencia á presentación de sinaturas no rexistro de entrada, e se pregunta quen non asinaría nun tema así. Lle pediron a Convergencia Galega que deran unha solución viable que cumpra co 8% de caída e non obstaculice, pois se fora así, se porían a traballar, pide que se teñen unha solución, que a mostren.

A señora Estévez Álvarez di que ten unha solución deseñada por un arquitecto da zona, e a mostra ós membros da Corporación.

O señor Español Otero di que o equipo de goberno estudará esa opción con todo o cariño, se trasladará ós grupos e será sometida ós técnicos municipais, pero vendo o debuxo pensa que non pode cumprir o requisito do 8%, debido a lonxitude da rampa. Pide que se deixe sobre a mesa.

A señora Estévez Álvarez acepta que quede sobre a mesa, e di que a proposta a fixo un técnico, deberán mirala os técnicos municipais, que serán os responsables, o arquitecto a presenta para ver se é factible ou non.

Intervén o señor Alcalde e di que el atendeu ós familiares do afectado, que ten dificultades no seu tratamento, posto que existen impedimentos pola ambulancia, e pediu á familia que trouxeran un certificado médico sobre o tratamento e a periodicidade do mesmo, pois será o SERGAS o que deba posibilitar os medios necesarios para esa persoa, e enviar ás persoas necesarias para trasladalo. Fai dez días aínda non se aportara ese certificado en Servizos Sociais, pois de facelo, o Concello podería facer alguna xestión co SERGAS, para que non sexa o conductor da ambulancia o que determine, e incluso di que podería contarse con persoal do Concello para facer esa labor. Igual esta semana foi aportado o certificado, oxalá atopen unha solución á rampa.

### **A moción queda sobre a mesa.**

A señora Estévez Álvarez pregunta se a familiar do afectado pode intervir, e o señor Alcalde recorda que a normativa habilita ás intervencións do público, pero cumprindo uns requisitos.

A señora Estévez Álvarez di que se trata dun caso excepcional, e o señor Alcalde lle outorga dous minutos como caso excepcional.

Intervén unha persoa, familiar do afectado, e se refire dereitos recoñecidos en 1975 na declaración de dereitos dos discapacitados, como o dereito a que se adopten as medidas que



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

posibiliten a maior autonomía posible; dereito que se tomen en consideración as súas necesidades especiais; protección contra toda explotación e trato discriminatorio; e no ámbito europeo se elaborou un decálogo que resume os seus dereitos.

### R.E. Nº 436 de Convergencia Galega.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

#### **EXPON:**

Fai poucos días e en visita as dependencias municipais dun dos Concellos que forman a Mancomunidade do Baixo Miño, no seu taboleiro estaba exposta a Acta da derradeira xuntanza desa entidade, e por medio da cal podemos enterarnos de que se estaban levando a cabo xestións sobre unha canceira, situación sobre a que a maioría dos membros da Corporación non estaban informados.

Que en data do 12 de xullo do 2.011 e con Rexistro de Entrada nº 4342 presentamos o texto dunha MOCIÓN que textualmente decía:

Que na maioría das ocasións, os asuntos a tratar na Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, pasan sen pena nin gloria, en canto a información que sobre ela reciben os Grupos Municipais que non teñen representación na mesma.

En moitos dos casos, non reciben, nin certificación do resultado das diversas mocións que presentan os seus respectivos Concellos para ser tratadas na mesma, si eso acontece e cando se celebran ditas xuntanzas.

Por todo elo, veño a presentar a seguinte MOCIÓN para o seu debate e aprobación polo Pleno se procede:

a).- O Concello de A Guarda notificará aos Grupos Políticos a celebración das xuntanzas da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, pasándolle copia da Orde do Día

b).- O Concello de A Guarda, entregará unha copia das Actas das xuntanzas celebradas pola Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño

Que na xuntanza da Comisión de Asuntos Plenarios, acordouse retirala do Orde do Día do Pleno Ordinario do 29-07-2.011, dado que por parte de Secretaria de recomendaba elevar unha Instancia a dita Mancomunidade para que dende ela remitan a documentación os Grupos políticos.

Dado que o Concello de A Guarda conta con DOUS (2) Representantes en dita entidade, e que no Concello é donde se reciben as convocatorias e actas da



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**Mancomunidade, consideramos que esa é a vía máis directa e factible para achegar a documentación os Grupos Políticos, polo que vimos a presentar para o seu debate e aprobación do texto da MOCIÓN rexistrada o 12-07-2.011 co nº 4342 para o vindeiro Pleno Ordinario.**

**A Guarda, a 28 de xaneiro do 2.012**

**Beatriz Estevez Alvarez”**

O señor Lomba Alonso di que na Mancomunidade hai representantes nomeados que representan ó Concello, entenden que deben entregarse esas actas, e que sexan os representantes do Concello os que as transmitan, pero que o gran problema da Mancomunidade non son as actas, senón que debería funcionar.

O señor Fontenla Martínez di que apoiarán a moción, pero igual non é o Concello o que debe asumir esa obriga, contan con dous representantes do Concello na Mancomunidade, que poden pedir esa remisión, sobre todo o relativo á Guarda. Apoiaremos esta moción, pero se o Concello non quere facerse responsables, que sexan os representantes na Mancomunidade.

Intervén o señor Español Otero e di que xa se aclarou este asunto con anterioridade, as actas se envían ós membros da Mancomunidade, non teñen entrada no Rexistro do Concello, polo que o Concello non pode envalas. O procedemento é claro, deberán dirixir un escrito á Mancomunidade, e se a Secretaria da mesma entende que se poden mandar, e adoptan esa decisión, perfecto. Debe dirixirse á Mancomunidade, que é o órgano competente, e que a Secretaria o determine e incluso o informe se é necesario. Aproveita para advertir que as actas e resto de documentación que manexan os grupos municipais non deben circular e publicarse antes de ser públicos, como xa sucedeu.

A señora Estévez Álvarez di que cre que os representantes na Mancomunidade van polo Concello da Guarda, polo que poden poñer a acta no taboleiro de anuncios, como sucede noutros Concellos.

O señor Lomba Alonso di que os representantes representan ó Concello, ten claro que o Concello debería ter as actas, para poder ter acceso a elas, coa responsabilidade que cada un ten cando manexa información, pois iso entra dentro da ética política.

O señor Fontenla Martínez coincide en que hai que buscar a fórmula, e que os representantes trasladen a petición, garantindo a seguridade da información.

O señor Español Otero di que haberá que convencer a algúns Alcaldes, o que é certo e que no Concello non entran por rexistro, hai vontade política para trasladalas, pero que sexa o órgano competente e a Secretaria da Mancomunidade os que determinen se procede. Votarán en contra, pero se buscará o acordo.

Sometida a votación a moción, acadou seguinte resultado:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

Existindo un empate, o señor Alcalde fai uso do seu voto de calidade, polo que a **moción non prospera.**

### **R.E. Nº 486 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

#### **EXPON:**

**Que en distintas localidades de todo o territorio español, se está poñendo en marcha unha Ordenanza Municipal que regula a existencia e operatividade dos caixeiros automáticos que están cara a vía pública.**

**Din que cando fallan as finanza, hai que poner a funcionar a imaxinación para conseguir ingresos que axuden a manter o financiamento dos Concellos.**

**Fai poucas datas, na nosa Comunidade, o Concello de Ribadavia, aprobou de xeito provisional dita Ordenanza, e na información periodística se reflexa desta maneira:**

***El pleno de Ribadavia aprueba la taxa por los cajeros  
REDACCIÓN. RIBADAVÍA - 27-01-2012***

**La Corporación de Ribadavia aprobó provisionalmente ayer por unanimidad la implantación de una nueva tasa a las entidades bancarias y cajas de ahorro por la ocupación de la vía pública con cajeros automáticos. La ordenanza afecta a cinco entidades, que disponen de seis cajeros. Deberán abonar ocho euros diarios por cada uno de ellos, lo que reportará a las arcas municipales un ingreso anual de 17.520 euros**

**Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:**

**O Pleno Municipal, insta o Sr. Alcalde, que tralos informes pertinentes dos Departamentos de Secretaría e Intervención, se proceda a elaboración dunha Ordenanza Municipal que regule a existencia e operatividade dos caixeiros automáticos das Entidades Financeiras que dan a vía pública de características similares as aprobadas noutros Concellos.**

**A Guarda, a 31 de xaneiro do 2.012**

**Beatriz Estevez Alvarez”**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor, que paguen os bancos non está mal. Di que a redacción non é acertada, é un “*corta e pega*”, pero eles farán as Ordenanzas coas peculiaridades da Guarda.

A señora Iglesias Ferreira di que a nota de prensa non é acertada, entende que se falan dunha taxa será específica para as entidades bancarias, e se fan unha Ordenanza regularía máis usos da vía pública, pero non lles queda moi claro ó que se refiren.

A señora Estévez Álvarez di que nestes momentos de crise, noutros Concellos teñen ideas, tanto para caixeros como para outros negocios que dean á vía pública.

(Sae a señora Vicente Santiago, 21:10 horas).

O señor Español Otero di que comparten o fin da moción, pero a redacción non é afortunada, pois no apartado resolutivo debería dicir “encargar os informes pertinentes de Secretaría e Intervención para ver se é factible a aprobación desa Ordenanza”.

(Regresa a señora Vicente Santiago, 21:11 horas).

A señora Estévez Álvarez acepta a enmenda, polo que a moción quedaría redactada como segue:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

### **EXPON:**

**Que en distintas localidades de todo o territorio español, se está poñendo en marcha unha Ordenanza Municipal que regula a existencia e operatividade dos caixeiros automáticos que están cara a vía pública.**

**Din que cando fallan as finanza, hai que poner a funcionar a imaxinación para conseguir ingresos que axuden a manter o financiamento dos Concellos.**

**Fai poucas datas, na nosa Comunidade, o Concello de Ribadavia, aprobou de xeito provisional dita Ordenanza, e na información periodística se reflexa desta maneira:**

***El pleno de Ribadavia aprueba la taxa por los cajeros  
REDACCIÓN. RIBADAVÍA - 27-01-2012***

**La Corporación de Ribadavia aprobó provisionalmente ayer por unanimidad la implantación de una nueva tasa a las entidades bancarias y cajas de ahorro por la ocupación de la vía pública con cajeros automáticos. La ordenanza afecta a cinco entidades, que disponen de seis cajeros. Deberán abonar ocho euros diarios por cada uno de ellos, lo que reportará a las arcas municipales un ingreso anual de 17.520 euros**

**Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**O Pleno do Concello da Guarda acorda encargar os informes pertinentes de Secretaría e Intervención para ver se é factible a aprobación da Ordenanza reguladora tasa a las entidades bancarias y cajas de ahorro por la ocupación de la vía pública con cajeros automáticos**

**A Guarda, a 31 de xaneiro do 2.012”**

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **R.E. Nº 571 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

#### **EXPON:**

**Que dende o momento da instalación de tele-peaxes nas autoestradas portuguesas, distintos colectivos empresariais, comerciais e políticos venen manifestando o seu descontento e pondo de relieve as molestias e atrancos que producen para a libre circulación entre ambos dós países, ocasionando perxuicios económicos.**

**Nestes días, diversas entidades de índole variada, está poñendo en marcha unha Plataforma na que esperan incorporar a tódolos representantes dos pobos afectados o longo da franxa fronteiriza dende Andalucía a Galicia**

**Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:**

**O Concello de A Guarda, como entidade municipal solicitará a súa incorporación a dita Plataforma.**

**O Concello de A Guarda, informará e propondrá a todas aquelas entidades comerciais e empresariais, da nosa localidade a súa incorporación a dita Plataforma, na defensa dos dereitos dos seus asociados.**

**A Guarda, a 03 de Febreiro de 2.012**

**Beatriz Estevez Alvarez”**

O señor Lomba Alonso pregunta á señora Estévez Álvarez de qué Plataforma fala, contestando a señora Estévez Álvarez que en Galicia hai tres, e se van refundir cunha portuguesa, é o que sae nos medios.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que o Concello non se pode adherir a unha cousa que non existe, primeiro se fala dunha plataforma, e agora din que son tres que se van adherir a unha cuarta de Portugal. Teñen que saber a qué se adhiren, cál e a plataforma, os seus obxectivos, quen forma a plataforma, por qué non se dirixe a plataforma ó Concello para pedir tal adhesión. Explica que o BNG presentou no Parlamento español varias iniciativas neste tema, e destaca a falta de interese do Ministerio de Industria, que obviou unha das autovías que nos afectan, a A28, e suscitou unha pregunta do BNG sobre a disposición do goberno español sobre esta problemática. En todo caso pensa que sería mellor instar á Xunta que solicite de Madrid que solucione o problema do telepeaxe.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que están sensibilizados polo tema, pero entende que debería ser a plataforma oa que se poña en contacto co Concello, descoñece se o Concello recibiu propostas, descoñecen o seu nome, os fins, e non se fían dunha moción vacía, pois falta documentación.

O señor Español Otero di que na Comisión de Asuntos Plenarios se tratou de saber máis, e a señora Estévez Álvarez case quedou comprometida en traer unha dirección, posto que de ser aprobada a moción, se pregunta onde terían que remitir o acordo. Eles están en contra do telepeaxe, están sensibilizados co tema, pero a moción é algo sen sustancia, non é nada. Se a plataforma se constitúe, que se dirixan a todas as Administracións, comunicando os seus fins e o que pretenden. Votarán en contra.

A señora Estévez Álvarez di que retira a moción, traerá novos datos, explica que se trataba de adherirse na súa creación, non despois.

O señor Lomba Alonso lle pregunta por qué non explicou iso na Comisión de Asuntos Plenarios e así evitaba este “esperpento”.

O señor Español Otero di que el xa o tratou e o advertiu na Comisión de Asuntos Plenarios.

A señora Estévez Álvarez **retira a moción.**

### **R.E. Nº 745 do BNG: Para declarar o 24 de febreiro “Día de Rosalía de Castro”.**

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

#### **“MOCIÓN PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO "DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO"**

**Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no Concello da Guarda.
2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Xan Lois Lomba Alonso  
Portavoz municipal do BNG

Hortensia García Díaz  
Concelleira do BNG

A Guarda 11 de febreiro de 2012"

A señora García Díaz explica que, aínda que o 24 de febreiro xa pasou, a moción se presentou o 11 de febreiro, e polo tanto a manteñen para próximos anos.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, para que se celebre en anos vindeiros.

A señora Iglesias Ferreira di que evocar esta figura merece do consenso de todas as forzas políticas e sociais respecto da que probablemente sexa a máis universal e galega das nosas figuras literarias. Di que a súa extraordinaria capacidade para poñer voz ós que non a teñen e expresar os seus sentimentos, en prosa ou verso, e tanto en castelán como en galego, fan dela unha das figuras máis grandes da lirica de todos os tempos. Pero pensa que non deben caer no erro de patrimonializar a Rosalía de Castro, que é de Galicia e de todos os galegos, o que obriga a que a súa obra e figura sexa patrimonio e orgullo de toda Galicia. O PP votará a favor.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén o señor Lomba Baz e di que non van apoiar a moción porque non está ben dirixida, debería instar á Xunta de Galicia, opina que como actividade didáctica é fabulosa, pero se non queremos patrimonializalo, que o promova, organice e subvencione a Xunta de Galicia.

A señora García Díaz pregunta por qué A Guarda non pode facelo, pois as actividades non son custosas, e se trata máis de vontade que doutra cousa.

Sometida a votación a moción, acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

Existindo un empate, o señor Alcalde fai uso do seu voto de calidade, polo que a **moción non prospera.**

(Sae a señora Magallanes Álvarez e o señor Lomba Baz, 21:30 horas).

**R.E. nº 746 do BNG: Apoio á iniciativa legislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galiza.**

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

**“MOCIÓN DE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA**

### **1-Exposición de motivos:**

A **Plataforma SOS Sanidade Pública** está a promover unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuáis de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola **Plataforma SOS Sanidade Pública** vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (prívate finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoiten os seguintes **ACORDOS**

**PRIMEIRO-** Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

**SEGUNDO-** Animar aos vecinos e vecinas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

**TERCEIRO-** Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza”

(Regresan señora Magallanes Álvarez e o señor Lomba Baz, e sae o señor Español Otero 21:31 horas).

O señor Lomba Alonso di que a redacción é clara e extensa, se trata de asegurar a sanidade pública.

(Regresa o señor Español Otero 21:32 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, cre que son a envidia de todos os países pola sanidade que temos, terían que tela mellor e non ir para atrás.

A señora Iglesias Ferreira di que non entende a intervención de Convergencia Galega; en canto ó BNG, di que volven a utilizar a demagogia como ferramenta política no campo da sanidade, alarmando á sociedade. Di que o PP defendeu e defenderá sempre o carácter público da sanidade galega, foi o PP o que implantou o modelo descentralizado do sistema sanitario, cunha xestión integrada, e xerencia única de área. Durante os catro anos de bipartito na Xunta, no que gobernou o BNG, o modelo quedou parado, sen conseguir implantalo en ningunha área máis en toda Galicia. Foi de novo cun goberno do PP no que podemos ver implantado o modelo na Coruña. É unha lástima que o BNG non se acordara durante os catro anos nos que gobernou. Di que é falso que o PP privatice a sanidade galega e resulta demagórico que a afirmación proceda dun grupo político que non só mantivo concertos con hospitais privados e os incrementou. Están de acordo en utilizar fórmulas máis áxiles no financiamento, e garantir unha xestión pública cen por cen e a máxima calidade asistencial para os veciños. Dende o comezo da lexislatura se adoptaron decisións valentes, para mellorar a eficacia do SERGAS, para garantir a súa sustentabilidade sen diminuír a calidade, cun orzamento inferior o dos anos de bonanza, con medidas como o catálogo de fármacos, para racionalizar o consumo farmacéutico, loitar contra o fraude e reestruturar o sistema sanitario para garantir a súa viabilidade. Non apoian a moción.

O señor Español Otero di que o PP non convenceu ó GMS, votarán a favor.

Intervén o señor Lomba Alonso dicindo que o PP fale de demagogia é moi forte, se ver ós traballadores da sanidade levantados e en pé de guerra porque denuncian recortes por todas partes e os están sufrindo, pois é o que é. Se o hospital de Vigo era en teoría cen por cen orzamentado pola Xunta de Galicia, que agora entre participación privada, onde certo empresario ten patente para conseguir certos contratos, non lle parece demagogia, Así está a sanidade na metade do estado español, xa hai que dende o PP non está mirando mal o copago. No tema dos xenéricos está de acordo, tamén o apoiou o BNG, pero do resto, estar presumindo que o PP é o campeón da sanidade pública, iso é rirse da xente. Pensa que ata é normal que o PP non apoie a moción.

A señora Iglesias Ferreira di que os axustes que se están levando a cabo garanten a sanidade pública, gratuítas e universal, deberán haber tomado medidas antes. Di que están comprometidos para optimizar cada euro do orzamento. Votarán en contra.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra)

**R.E. nº 867 do BNG: Polo 8 de marzo de 2012, día internacional das mulleres.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

### **“MOCIÓN POLO 8 DE MARZO DE 2012, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES**

#### 1-Exposición de motivos:

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que desmantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alen da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguinte

### **ACORDO**

**1. 1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.**

2. **2. Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.**
3. **3. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.**
4. **4. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuaes en Galiza.**
5. **5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.**

**Xan Lois Lomba Alonso**  
**Portavoz municipal do BNG**

**Hortensia García Díaz**  
**Concelleira do BNG**

A señora García Díaz di que o BNG seguerá loitando contra a ideoloxía machista o do patriarcado e poñendo en pe políticas que supoñan un avance da igualdade.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que non poden asumir afirmacións contidas nesta moción. Dando cumprimento do programa electoral, o goberno reformará a Lei Orgánica 2/2010, e será unha reforma lexislativa parcial, non unha derogación, e o espírito da reforma será esixir o consentemento parental e exercer a tutela en relación ós menores que desexen abortar e defender o dereito á vida segundo a doutrina do Tribunal Constitucional, se preservará o dereito á vida, e se garantizará a situación das menores segundo o recollido no programa electoral. Di que o PP cumpre cos seus compromisos electorais, di que resulta insostible que unha menor de 16 anos teña que pedir permiso para facerse un piercing ou un tatuaxe e poida abortar sen que o saiban os seus pais, isto desprotexe ás menores e vulnera a patria potestade e se inmiscúe na relación entre pais e nais e fillas. En relación co punto terceiro, o acceso ós servizos está garantizado. Galicia cumpriu dende o primeiro momento para garantir a prestación, aínda que a lei fora aprobada sen achegas económicas, e cando entre en vigor a modificación, o cumprimento da mesma estará garantizado en Galicia. O PP de Galicia cumprirá a normativa vixente, e traballará para garantir a saúde, a equidade e a accesibilidade a unha axeitada atención sanitaria. Todas as mulleres teñen garantido en Galicia o acceso á interrupción voluntaria do embarazo, de acordo coa lei, sexa a que sexa.

(Sae o señor Rodríguez Amenedo, 21:45 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que nestes días se teñen escoitado barbaridades de membros do PP a nivel nacional. Di que probablemente non é a mellor lei, pero é moito mellor que o que o PP propón, ten escotadas verdadeiras aberracións para o que hoxe en día é a muller. Cre que non toda a dereita pensa así, non van conseguir que a muller regrese ó pasado, a muller hoxe en día é unha muller formada, que decide se ter ou non fillos, non pode vir o PP a darlles autorización. A lei pretende que se reduza o número de abortos, resulta que nos últimos anos, mentres no resto do estado o número diminuíu, en Galicia co goberno do PP aumentou. Hai que adoptar as medidas de apoio á muller, nas guarderías, coa conciliación familiar, pois custoulles moito saír da casa, e ter voz propia, as mulleres non podían poñer un pe nun bar. Ninguén do PP lles vai dar leccións, as mulleres seguerán loitando polo seus dereitos, e non van permitir que lles quiten o que conseguiron.

(Regresa o señor Rodríguez Amenedo, 21:46 horas).

A señora García Díaz diríxese á voceira do PP e di que grazas á loita de moitas mulleres de esquerda ela está hoxe aquí. Di que xa están acostumados ás promesas electorais do PP. Di que o PP apoia leis que o que fan é considerar ás mulleres cidadáns de segunda, como un colectivo que debe ser protexido e dirixido, sen capacidade para decidir. Di que hai axudas da Secretaria Xeral de Igualdade, e dende outubro se incluíron como beneficiarios entidades vinculadas ó Foro da Familia e á Rede Madre, esas son as axudas do PP ás mulleres.

A señora Iglesias Ferreira pensa que é unha lástima que nunha data tan sinalada o BNG trate de buscar o enfrontamento. O PP presentou no rexistro de Entrada unha declaración institucional para conmemorar as conquistas acadadas na igualdade. O compromiso do PP sobre a igualdade é incuestionable, foi un goberno do PP o que adoptou medidas como o Servizo Galego de Igualdade, ou os Plans de Igualdade, o pimeiro Plan contra a violencia de xénero, impulsaron a aprobación da primeira Lei de igualdade en Galicia. Saben que quedan cousas por facer, e que hai dificultades, pero a presenza das mulleres en todos os ámbitos aumenta. Di que están facendo moita demagogia, e diríxese á señora Magallanes Álvarez para dicirlle que o seu discurso é moi bonito, pero ela é nai, e non quere que a súa filla vaia a abortar a un centro con 16 anos e ela non sabelo.

A señora Magallanes Álvarez di que espera que a señora Iglesias Ferreira retire as últimas palabras que pronunciou, con iso acabas de demostrar que o PP non cre na igualdade .

A señora Iglesias Ferreira pregunta por qué, contestando a señora Magalanes Álvarez que neste país, non hai moitos anos, a xente ía abortar a Londres, e iso saben todos moi ben quén o facía.

A señora Iglesias Ferreira pregunta que ten que ver iso co que están discutindo.

Neste momento unha persoa do público profire un insulto dirixido á señora Iglesias Ferreira, pedindo ésta que conste en acta, e que non é a primeira vez que esa persoa profire insultos contra ela nun Pleno.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra)

(Sae a señora Estévez Álvarez, 21:55 horas).

### **R.E. nº 886 do BNG: Moción de rexeitamento da reforma laboral aprobada polo goberno central.**

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

#### **“MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL**

##### 1-Exposición de motivos:

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenes máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dése xeito, a nova regulación laboral:

6. Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
7. Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

conxunturais dunha empresa e non estruturais.

8. Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
9. Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
10. Crea un contrato indefinido específico, denominado "de apoio aos emprendedores", mais aplicábel ao 99 por 100 das empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
11. Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte

### **ACORDO**

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación eos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

3. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza."





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Regresa a señora Estévez Álvarez, 21:56 horas).

O señor Lomba Alonso di que poderían engadir moitas cousas, non hai unha soa reforma laboral na historia que creara emprego. Se aprobou esta reforma e aínda é peor do que a pintaban. Di que foi vergoñoso o curso de formación que se deu en Madrid, onde se dicía sí ó libre despedido, se dicía cómo poder despedir ós traballadores sen pagar, houbo unha persoa que lle dixo que se unha empresa di que non vai ter beneficios nos próximos tres meses pode despedir cunha facilidade pasmosa. Non hai nin unha soa medida real para promover o emprego, e esta reforma laboral vai afectar tamén ós autónomos, e beneficiar ás grandes superficies, que teñen detrás ó gran capital, iso é o que se está preparando, e o BNG non está de acordo.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, cren que os traballadores teñen os seus dereitos e quitándosellos non crearán máis emprego. A reformam laboral non fai nada para crear emprego, en Galicia a maioría de empresas son de autónomos.

A señora Iglesias Ferreira di, en relación co incidente do punto anterior, que é lamentable non poder expoñer os posicionamentos do seu grupo con normalidade, xa é a segunda vez que esa señora a insulta e roga ó señor Alcalde que tome medidas. En relación coa moción, non están de acordo, a resposta que se deu onte deixa claro que a sociedade tampouco, para eles é unha reforma concreta, equilibrada e eficaz, que pon especial atención nos sectores máis perxudicados, como os xóvenes, parados de longa duración e persoas con cargas familiares, dirixida a frenar a destrucción de emprego e flexibilizar o mercado laboral para incentivar a creación de postos de traballo. Di que coa modernización da negociación colectiva, traballadores e empresarios traballarán unidos para que o despedido sexa o último recurso. Se priorizará ás PYMES e autónomos, é unha reforma para darlle tempo.

O señor Español Otero di que votarán a favor, a finalidade da reforma é clara, é seguir destruindo emprego, porque hai empresarios que van a sanearse antes de pechar, e así se poñen as condicións para que cando a economía se reactiva, se comece a xerar emprego precario, mal pagado e con condicións tercermundistas, eliminando os dereitos dos traballadores. Di que España tiña que apostar por un crecemento distinto, a aposta do PP é ter algo similar ó que teñen países tercermundistas.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

(Sae o señor Español Otero, 22:10 horas).

**R.E. nº 1.130 de Convergencia Galega.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

### **EXPÓN:**

**Que tras manter unha xuntanza co representante de INFOMIÑO, sobre as actividades desenroladas dende a súa aparición e a súa incidencia no eido da información a nivel local e da bisbarra do Baixo Miño, e considerando que o contido do seu escrito presentado no Concello en data do 08/02/2.012 co R/E nº 647**

**Que considerando que tanto esa como as outras páxinas (INFOGAUDA e GALICIASUROESTE) cumpren unha ampla laboura informativa tanto para facer chegar os veciños residentes na localidade, como no exterior, así como tamén a todos aqueles que nos visitan poidan coñecer case no momento os diversos acontecementos que se dan no noso lugar, con maior premura que os xornais escritos.**

**Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN,**

**a).- Que se proceda a incluír unha partida dentro das áreas de turismo ou cultura, a fin de reflexar nos presupostos municipais adicadas a estes medios de información dixital local, e desa maneira apoiar o esforzo e dedicación que fan dando a coñecer o acontecer diario do noso pobo e bisbarra.**

**A Guarda, a 03 de marzo do 2.012”**

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor, o traballo se está facendo, e debe ser extensivo ós medios que traballan na localidade.

O señor Fontenla Martínez di que deben apoiar o esforzo destes medios e ir máis alá, xa hai unha partida no orzamento, pero di que hai máis páxinas web que requiren apoio, aínda que non sexa económico, entende o esforzo deses medios, pero non hai que darlles unha limosna, o que piden é vender a súa publicidade ó Concello. O PP cre que a publicidade en internet é unha forma económica e rendable de dar apoio a esta páxinas. Non teñen inconveniente en que isto se aprobe, pero pide que se vaia máis alá , eles xa presentaron unha moción sobre o asunto.

O señor Lomba Baz di que non entende a moción nin o texto, pregunta qué piden, non lle queda claro se o que piden é apoio ou unha subvención, contestando a señora Estévez Álvarez que o que piden é máis ou menos o que ven reflectido no escrito de INFOMIÑO, que igual que se lles paga a outras páxinas a publicidade do noso municipio, pagarlle a eles a publicidade que nos fan.

(Regresa o señor Español Otero, 22:12 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Baz di que xa teñen os orzamentos, o que non obsta para que as webs locais que consideren que teñen unha contrastada traxectoria e fan o seu traballo, teñan o noso apoio. Non hai unha partida específica para publicidade, pero tal e como está escrita, lle estraña que INFOMIÑO acuda a Convergencia Galega para facer tal petición, poderían haber acudido a el ou á señora Magallanes Álvarez, o seu apoio é incondicional, están dispostos a sentarse e negociar, teñen claro quen informa e quen desinforma. Pode diluir a labor de cultura e turismo, e aclara que non teñen cortapisas en contratar publicidade.

A señora Magallanes Álvarez di que hai unha partida xenérica.

A señora Estévez Álvarez di que a moción era porque xa se queixan de que non hai recursos, darlle recursos tamén a esta páxinas., que son as que realmente fan o traballo diario de informar do que pasa no Concello.

O señor Lomba Baz di que non aprobarán a moción, non lle ven sentido, INFOMIÑO presenta a súa tabla de tarifas, como fan outras empresas, e eles falarán con quen crean oportuno, sen necesidade de que veña unha moción ó Pleno.

Sometida a votación a moción , acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra).

Existindo un empate, o señor Alcalde fai uso do seu voto de calidade, polo que a **moción non prospera.**

(Saen a señora Magallanes Álvarez e o señor Rodríguez González, 22:20 horas).

### **R.E. nº 1.194 de Convergencia Galega: Declaración de Zona Saturada de Ruidos par a rúa Manuel Alvarez.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

**Expón:**

**Que xa nún momento da anterior lexislatura, foi presentada unha MOCIÓN similar a ésta, que non prosperou non porque non estivera ben platexada e fora unha realidade o alí exposto, senón que foi botada abaixo pola maioría absoluta do equipo de goberno, para respaldar a proposta dunha empresa contra a opinión e solicitude d@s veciñ@s, quenes tanto a través da súa Asociación e a título persoal, presentaron escritos en distintas**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

datos nas que solicitaban a

### DECLARACIÓN DE ZONA SATURADA DE RUIDOS

a rúa Manuel Alvarez, xa que amparándose no estudio que encargado no ano 2.008 polo propio Concello levou a cabo a empresa VIROCEM, (ESTUDIO PREVIO A LA IMPLANTACIÓN DE UNA ZONA ACÚSTICAMENTE SATURADA -ZAS- EN EL CASCO URBANO DE A GUARDA), inda facendo as medicións en horarios que non son os de máxima actividade nese lugar, se superaban os parámetros mínimos e cúns análise e interpretación dos datos mui particular, incumplía a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE RUIDOS aprobada no 2.003.

O Concello ten a obriga de adoptar medidas de protección contra a contaminación acústica, posibilitando o descanso, a estabilidade emocional, garantindo a paz e tranquilidade das persoas que residen nesa rúa.

Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

#### O concello declara a rúa de MANUEL ALVAREZ como Zona Saturada de Ruidos”

(Regresan a señora Magallanes Álvarez e o señor Rodríguez González, 22:21 horas).

A señora Estévez Álvarez di que quere cambiar o apartado resolutivo da moción, que diría “O Concello iniciará o proceso para declarar a rúa de MANUEL ALVAREZ como zona saturada de ruidos”.

O señor Lomba Alonso di que unha cousa é o que se propón na moción e outra o que agora di a concelleira , que presentou dous escritos iguais, un con data 6 de marzo e outro con data 20 de marzo, contendo dúas mocións sobre o mesmo tema. Sabe que hai moita desesperación neste asunto, pero pregunta se esta moción solucionará os problemas dos veciños, e pregunta se é seria esta moción. Di que se queren facer un plan e iniciar o procedemento para declarar as zonas que sexa, deberán facer un análise global da situación, e pregunta se non se estará xogando cos veciños. Para o BNG, deberá tratarse a nivel global, é unha moción “teledirixida”.Pide respecto ó veciños de Manuel Álvarez.

O señor Fontenla Martínez pide tamén respecto ós veciños de Manuel Álvarez, debería iniciar os trámites para ver qué zonas están saturadas, e queren deixar constancia do apoio do PP ós veciños, o PP ten persoas afectadas. Di que deben ser serios coas mocións que se presentan, na Comisión de Asuntos Plenarios se lles aportou un estudio, as cousas deben facerse ben, pide coherencia cando se presentan as cousas .

O señor Español Otero di que os grupos municipais teñen un estudo que se encargou polo Concello a VIROCEM, da conta do mesmo e dos valores que no mesmo se mencionan, en relacion con todo o caso urbán da Guarda. O Concello está obrigado a tratar de reducir eses ruidos nas zonas que estean ó límite. Houbo recomendacións que se deron para reducir o ruído do tráfico. Haberá que instar a VIROCEM a que siga co estudo. Hai rúas que tamén poderían ser declaradas como ZAS, di que hai que ser serios e respectar ós veciños, e preguntarse se



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

iso da solucións ós seus problemas. Explica que na Comisión de Asuntos Plenarios se lle advertiu á concelleira de Convergencia Galega que as cousas son serias, os técnicos están para algo, esta moción non se vai votar a favor, parécelle unha falta de respecto, se está xogando coa xente.

A señora Estévez Álvarez di que ten bastante respecto á xente de Manuel Álvarez, e recorda que no ano 2003 se creou unha Comisión para crear unha Ordenanza municipal de ruidos, contestando o señor Español Otero que xa existe esa Ordenanza.

A señora Estévez Álvarez di que se pode crear unha Comisión para probar as zonas saturadas de ruidos, pero agora mesmo o problema máis grande que hai é nesa zona, e di que non ten nada máis que dicir, non ten que entrar en polémicas.

O señor Lomba Alonso diríxese á señora Estévez Álvarez e di que lles debe unha resposta á xente que está aquí representada, lle recorda que ela representa a parte do pobo, pois presenta unha moción na que sinala unha cousa, xa na súa lectura cambia o apartado resolutivo, e agora di outra cousa distinta que non ten nada que ver coa moción presentada. Pregunta se sabe cáles son as consecuencias da declaración dunha zona como ZAS, a información ós veciños debe darse detallada, e él sabe que hai algún veciño que pensa que así se soluciona o problema. Di que se fan estudos poden levarse sorpresas, non cre que exista ninguén que non queira solucionar o problema, pero insiste na súa pregunta: con esta moción se soluciona o problema dos veciños?, veciños ós que ela tamén representa.

O señor Fontenla Martínez expresa o seu total apoio ós veciños, cren que esta non é a solución, eles presentaron un escrito por rexistro no que pedían aclaracións sobre a situación actual desa rúa e a sentenza que se dictou e esperan resposta. Non poden apoiar a moción que inste ó Concello a iniciar uns trámites sen as medidas e requerimentos legais pertinentes, poden instar ó Concello a seguir ou iniciar novos estudos para tratar de defender e protexer ós veciños, pero non van apoiar esta moción.

O señor Alcalde pregunta á concelleira se vai deixar o texto como está ou vai introducir algunha enmenda, e a señora Estévez Álvarez di que quere cambiar o apartado resolutivo, que quedaría como segue: *“O Concello iniciará o proceso para declarar a rúa de MANUEL ALVAREZ como zona saturada de ruidos”*.

Intervén o señor Español Otero e di que o equipo de goberno non está de acordo, en todo caso habería que acordar iniciar os estudos pero para todo o Concello, non só para esa rúa.

O señor Alcalde di que o que queren saber é que quere a concelleira someter a votación, ou se retira a moción, contestando a señora Estévez Álvarez que quedaría como dixo: *“O Concello iniciará o proceso para declarar a rúa de MANUEL ALVAREZ como zona saturada de ruidos”*.

O señor Lomba Alonso propón que o acordo sexa que o Concello da Guarda iniciará o proceso para buscar e analizar as posibles zonas saturadas de ruído, pero a nivel de Concello.

A señora Estévez Álvarez non acepta. A moción quedaría redactada como segue:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### R.E. nº 1.194 de Convergencia Galega: Declaración de Zona Saturada de Ruidos par a rúa Manuel Alvarez.

“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,

Expón:

Que xa nún momento da anterior lexislatura, foi presentada unha MOCIÓN similar a ésta, que non prosperou non porque non estivera ben platexada e fora unha realidade o alí exposto, senón que foi botada abaixo pola maioría absoluta do equipo de goberno, para respaldar a proposta dunha empresa contra a opinión e solicitude d@s veciñ@s, quenes tanto a través da súa Asociación e a título persoal, presentaron escritos en distintas datas nas que solicitaban a

### DECLARACIÓN DE ZONA SATURADA DE RUIDOS

a rúa Manuel Alvarez, xa que amparándose no estudio que encargado no ano 2.008 polo propio Concello levou a cabo a empresa VIROCEM, (ESTUDIO PREVIO A LA IMPLANTACIÓN DE UNA ZONA ACÚSTICAMENTE SATURADA -ZAS- EN EL CASCO URBANO DE A GUARDA), inda facendo as medicións en horarios que non son os de máxima actividade nese lugar, se superaban os parámetros mínimos e cúns análisis e interpretación dos datos mui particular, incumplía a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE RUIDOS aprobada no 2.003.

O Concello ten a obriga de adoptar medidas de protección contra a contaminación acústica, posibilitando o descanso, a estabilidade emocional, garantindo a paz e tranquilidade das persoas que residen nesa rúa.

Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

O Concello iniciará o proceso para declarar *a rúa de MANUEL ALVAREZ como zona saturada de ruidos*”.

Sometida a votación a moción , acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz ( quince votos en contra)

**A moción non prospera.**

(Sae o señor Lomba Baz, 22: 44 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**R.E. nº 1.224 do GMS: Moción con motivo do día 8 de marzo, día internacional das mulleres.**

A señora Magallanes Álvarez da conta da seguinte moción:

### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE A GUARDA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES**

**En A Guarda a 7 de marzo de 2012**

**De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de A Guarda desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:**

**Conmemoramos o Día Internacional das mulleres nun momento complexo e difícil. A crise global e a súa xestión están aumentando as desigualdades no noso país mentres crece a inquietude sobre o futuro das políticas de igualdade e o seu alcance na vida cotía de homes e mulleres.**

**Un dos cambios máis importantes que se teñen producido na nosa sociedade nas últimas décadas ten sido a evolución da situación das mulleres e o avance da igualdade, un feito que ten situado ao noso país na vangarda europea. Hoxe as mulleres teñen unha maior presenza na vida económica, social e política, grazas ao seu esforzo individual e colectivo, que ten sido compartido pola sociedade e acompañado por políticas desenvolvidas polas distintas Administracións Públicas.**

**Nos últimos anos, vimos avanzar a lexislación sobre igualdade. Realizacións como a Lei de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei para a Igualdade, a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, o Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos, etc.. estiveron acompañados de importantes avances en dereitos sociais plasmados na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia e no impulso de Plans, programas e recursos de atención integral ás mulleres. As políticas de atención social e rendas para combater a pobreza tiveron como destinatarias ás mulleres, principáis vítimas da exclusión social, e o incremento das pensións mínimas nos últimos anos melloraron a calidade de vida de moitas mulleres maiores.**

**O avance en dereitos individuáis e o desenvolvemento do Estado de Benestar acompañaron ás mulleres e aos homes do noso país no seu proxecto vital. A pesares das dificultades, non podemos permitir que este proceso de avance, que é positivo para a sociedade no seu conxunto, sufra retrocesos nin se paralice. Creemos necesario defender e manter conquistas adquiridas e seguir impulsando actuacións que fagan efectivo o dereito a decidir, a protección eficaz fronte á violencia de xénero, a igualdade no emprego, a igualdade salarial e o dereito á conciliación, en definitiva a igualdade efectiva de mulleres e homes.**

**Ademáis, debemos reforzar os servizos do Estado de Benestar, a educación, a sanidade,**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

os servizos sociais, as pensións, que foron decisivos para mellorar a vida das mulleres. Non só impulsaron a súa participación social senón que ademáis converteron en dereito de cidadanía o coidado das persoas. Tradicionalmente as mulleres ocupáronse en exclusiva do coidado, e o fixeron a costa das súas expectativas e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

A igualdade é un dereito de cidadanía que ademáis de reforzar a cohesión social garante a eficiencia económica, xa que o aproveitamento de todas as capacidades proporciona resultados positivos para toda a sociedade.

So poderemos avanzar nunha sociedade eficiente dende un modelo que recoñeza todas as capacidades, que aproveite o coñecemento e os recursos de todas as mulleres e homes e que afronte a crise de xeito activo.

Con esta ambición pola conquista dunha sociedade que incorpora a igualdade efectiva en todas as súas actuacións, e co compromiso de facer da igualdade un principio reitor de todas as nosas políticas, este Concello de A Guarda aproba a seguinte MOCION.

12. Impulsar a presenza das mulleres no emprego e o mercado de traballo garantindo a igualdade no acceso e no salario, conscientes de que dita igualdade é imprescindible para relanzar a nosa economía, contando para elo cun instrumento como a Lei para a Igualdade.
13. Apoiar as iniciativas emprendedoras das mulleres.
14. Apostar por políticas que garantan o dereito á conciliación da vida profesional, familiar e persoal de homes e mulleres, con medidas que promovan a flexibilidade dos horarios de acordo á necesidades de conciliación das persoas.
15. Recoñecer e apoiar as iniciativas das mulleres no ámbito rural.
16. Ampliar a rede municipal de servizos e apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
17. Loitar contra a feminización da pobreza e a exclusión social apoiando ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente ás mulleres maiores e as que son responsables de familias monomarentais.

Así mesmo, este Concello reclama ao Goberno da Nación a que:

- Manteña o dereito das mulleres a decidir sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, de acordó ca Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE, facendo este dereito efectivo en todas as CC.AA.
- Modifique o decreto de medidas urxentes para a reforma laboral, a fin de garantir o dereito á conciliación así como as medidas que fagan posible a igualdade no emprego, a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade, á igualdade salarial, tal e como establece a lei.
- Impulse os servizos do Estado de Benestar relacionados co coidado e a atención a todas as persoas que o necesitan, especialmente menores, persoas maiores e en situación de dependencia.
- Promova a igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade.”





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, están de acordo cos dereitos que teñen as mulleres e coa igualdade.

A señora García Díaz di que votarán a favor.

(Regresa o señor Lomba Baz, 22: 44 horas).

A señora Iglesias Ferreira sinala que cre que hai unha concelleira de igualdade no Concello da Guarda, e di que a moción fala de moitas cousas, e di que se sente obrigada a dar a coñecer as medidas da Xunta de Galicia e o goberno de España na materia: apoio do goberno autonómico ás iniciativas emprendedoras das mulleres, a través do programa EMEGA e medidas do goberno español coa futura lei de emprendedoras, facilitando asesoramento e apoio financeiro; medidas específicas do goberno español a través dun plan en materia de non discriminación salarial; consideración por parte do goberno autonómico das mulleres como colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego, con medidas contra a desigualdade e para fomentar a conciliación, e o fomento da contratación indefinida.

(Saen os señores Crespo González e Lomba Alonso, 22:46 horas).

Continúa a señora Iglesias Ferreira a di que en Galicia por primeira vez se están os convenios colectivos para valorar o cumprimento da normativa. Di que se creou unha comisión consultiva autonómica para a igualdade na negociación colectiva; elaborouse un catálogo de empresas obrigadas a aprobar plans de igualdade; púxose en marcha a marca galega de excelencia en igualdade; se crearon máis de 2.100 prazas en escolas infantís públicas e haberá outras 2.000 novas prazas públicas antes do fin do 2013. En relación ás redes municipais de servizos e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero se vai incrementar o orzamento nesta materia, contando Galicia agora mesmo con 80 CIM, asinándose protocolos para a creación de tres novos CIM; se destinan partidas á atención das mulleres prostituídas, con programas de acollida, atención psicolóxica ou socio-sanitaria e a súa integración social e laboral.

(Regresan os señores Crespo González e Lomba Alonso, 22:48 horas).

Continúa a señora Iglesias Ferreira e di que, en relación coa saúde sexual e reproductiva, aprobouse no Parlamento galego a Lei 5/2010 de apoio á muller embarazada, así como o plan integral de apoio á muller embarazada. Di que no ano 2012 se incrementaron os orzamentos destinados a políticas de igualdade, a pesar da situación de crise actual.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

(Sae a señora Vicente Baz, 22:55 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **R.E. nº 1.437 do BNG: Moción de apoio á folga xeral do 29 de marzo contra a reforma laboral.**

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

#### **“MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO EN CONTRA DA REFORMA LABORAL**

##### 1-Exposición de motivos:

A reforma laboral recentemente aprobada polo Goberno do Estado, a través do Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, constitúe outro chanzo máis na aplicación de políticas regresivas e inxustas socialmente.

A curta estancia do actual Goberno no poder xa nos permite albiscar a asunción plena do programa económico dos grandes poderes económicos e financeiros, e a disposición para levar a termo políticas de axuste económico que atentan contra dereitos e conquistas sociais atinxidas a prol das maiorías sociais.

A regulación laboral agora en vigor socava dereitos dos traballadores e traballadoras, actuando para iso sobre a rebaixa das indemnizacións por despedimento, a ampliación das facultades da empresa para ordenar modificacións discrecionais nas condicións de traballo e a devaluación da negociación laboral. O obxectivo último é a procura dunha maior precariedade e desregulación nas relacións laborais, que conduzan a unha redución real das rendas salariais, que xa viñan sufrindo un retroceso antes e, sobre todo, despois do estoupido da crise fronte ás rendas de capital.

Por outra banda, esta non é a reforma no eido do réxime laboral que se precisa para afrontar unha recuperación económica baseada na creación de emprego estábel e digno, que é a principal aspiración da maioría das persoas no noso país, especialmente dunha parte importante que atravesa graves dificultades económicas. Esta afirmación, non procede das organizacións e persoas contrarias á reforma, senón que mesmo foi emitida polo Goberno e partido impulsores de dita reforma laboral, que recoñeceron a súa nula contribución cara a xeración de emprego, evidenciando dese xeito que a verdadeira xustificación para adoptala é a de satisfacer as arelas de minoritarias élites económicas de reducir os dereitos laborais a mínimos para mellorar en exclusiva a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións empresariais.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día 29 de marzo, a fin de que os traballadores e traballadoras expresen o seu rexeitamento á reforma laboral, tanto polo contido antisocial concreto que contén, como por representar unha medida máis dentro da política de retallamentos sociais que o actual Goberno do Estado está disposto a emprender.

No noso concello a maioría da poboación é traballadora, polo que se verá directamente afectada pola minoración de dereitos no desempeño do seu labor profesional imposta por esta reforma laboral, o que require un apoio explícito da institución local representativa ás medidas



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de rexeitamento da mesma.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte

### ACORDO

**Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.”**

(Regresa a señora Vicente Baz, 22:57 horas).

O señor Lomba Alonso di que unha parte da moción é extemporánea, pois a folga foi onte, o que se pretende é apoiar ás mobilizacións en distintos sectores contra a reforma laboral e a política actual en materia laboral.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que non votarán a favor, é extemporánea.

O señor Español Otero di que votarán a favor.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra)

**R.E. nº 1.442 de Convergencia Galega: Sobre os servizos da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil no Concello de Porriño.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Moción sobre os servizos da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil no Concello de Porriño.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Confederación Hidrográfica del Miño-Sil ten no Concello do Porriño unhas instalacións de atención a o publico que a única utilidade que teñen e de información.

CONVERXENCIA GALEGA, despois de escoitar diferentes queixas dos nosos veciños, conforme que para calquera xestión que se faga teñen que presentar a documentación no Concello de Ourense, e dicir a mais de 100 Kilómetros de A Guarda, xa que queremos recordar que na Confederación teñen que tramitarse todas as solicitudes, desde legalización de pozos,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

traídas de augas, regadíos, denuncias de vertidos, ou mesmo a entrega de proxectos como o da recuperación do regato da venda.

Para CONVERXENCIA GALEGA e incompreensible que tendo unhas oficinas no Concello de o Porriño, que son as únicas da provincia de Pontevedra, e tendo ésta os medios humanos e materiais, non teñan rexistro para calquera solicitude ou denuncia, e dicir non suporía ningún tipo de gasto engadido nestes tempos de crises que estamos vivindo. So é cuestión de organización e vontade política de xestión.

CONVERXENCIA GALEGA sempre defendeu que as administracións teñen que estar o carón dos cidadáns e este e un exemplo de que non e así, debemos facilitar a o cidadán una xestión cómoda rápida e eficaz.

### ACORDOS

**1º.- O Pleno da Corporación aproba dirixirse ao Goberno de España e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e de Medio Ambiente, a cal pertence a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, para que poña en funcionamento un rexistro para a recollida de documentación nas oficinas que a confederación ten no Concello do Porriño.”**

A señora García Díaz di que votarán a favor, están de acordo en todo o que sexa achegar os servizos ós veciños.

A señora Iglesias Ferreira di que é unha moción válida, pero xa se fixeron xestións co anterior Presidente da Confederación, e di que non é certo que os veciños da Guarda teñan que acudir a Ourense ou a Porriño para facer as xestións, na páxina web está todo recollido. Ademais, a lexislación das Administracións Públicas xa establece a posibilidade de presentar solicitudes ás Administracións públicas a través de medios como correos, nos Portelos Únicos, a concelleira de Convergencia Galega debería sabelo, pois presentaron as alegacións ó orzamento municipal a través de correos. Ademais, hai un teléfono de contacto, pensa que se está buscando o problema onde non existe, pois se os veciños lle piden información á señora Estévez Álvarez, ésta debería informarse primeiro para poder informar, non pode estar mandando á xente a Ourense cando as xestións se poden facer dende aquí.

O señor Español Otero di que todo é mellorable, votarán a favor, pero na moción hai afirmacións que non son certas, pois si vai ter custe. Explica que o orixe da oficina, que xurdiu froito dunha obras que se realizaron, e todo o persoal que está aí é persoal contratado por sentenza xudicial, pero son persoal laboral, e non funcionarios, que sería o tipo de persoa que podería estar ó fronte dun rexistro. Nesa oficina agora mesmo non hai ningún funcionario, polo que as cousas habería que documentalas máis antes de traelas ó Pleno. Di que hai unha funcionaria no Concello de Pontearreas que traballa para a Confederación, que se traslada diariamente a Ourense, que estaría desexando que exista oficina en Porriño. Pensa que hai xente que lle gusta que a atendan ou que lle resulta difícil acceder ós medios tecnolóxicos.

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### R.E. nº 1.470 de Convergencia Galega.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

### **EXPÓN:**

Dende fai meses centros de galegos/as estanse movilizano o coñecer a realidade dalgúns produtos que estaban comercializando as entidades bancarias, fundamentalmente as caixas de aforro, que se poñían no mercado con bastante opacidade dado o risco que enxendaban.

Nestes días, os Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego veñen de poñerse dacordo para instar a Xunta de Galicia a promover solucións para os case 100.000 galegos atrapados nesta maraña financeira, fundamentalmente naquelas que logo viñeron a dar no Nova Galicia-Banco, buscando alternativas para que poidan recuperar o diñeiro depositado.

Asimesmo, tamén de maneira conxunta instan ao Banco de España e a Comisión Nacional de Valores a dar as autorizacións necesarias as entidades bancarias para facilitar esas medidas que ofrezan unha solución que signifique a “recuperación íntegra da inversión”.

**Por todo o exposto:**

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCION,

O Concello de A Guarda, en solidariedade cos veciños afectados polas “preferentes” e namentras as administracións e as entidades financeiras implicadas, retira de maneira inmediata as contas bancarias ata que den unha solución axeitada a este problema.

O Concello de A Guarda, solicitará a Mancomunidade de Concellos do Baixo Miño para que ela mesma e os concellos membros asuman a mesma medida.

**A Guarda, a 16 de marzo do 2.012”**

A señora Estévez Álvarez di que nun Pleno extraordinario urxente se aprobou unha moción conxunta sobre este tema.

O señor Lomba Alonso di que non comprende esta forma de proceder, pois tiveron unha reunión de voceiros e acadaron un acordo de todas as forzas políticas municipais, polo



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que esta moción non ten sentido, Convergencia Galega xa aprobou unha moción sobre o asunto, e pregunta a qué entidade vai acudir o Concello para depositar os cartos que se retiren. Pide seriedade, di que isto é un “cachondeo”, e pregunta qué entidade bancaria está libre desta situación. Non lle parece serio, pide respecto ós afectados e á cidadanía, e pregunta por qué non deixar de pagar os créditos. Diríxese á señora Estévez Álvarez e di que estes “sapos” son difíciles de tragar, e recorda que antes a concelleira dixo que había outras persoas dentro da súa formación política, pero advirte que a que fala é ela, non outras persoas. Pide que lle aclare onde van ir as contas. Votarán en contra.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que pouco poden engadir ó que dixo o BNG. Xa non é a primeira, non é a segunda nin a terceira moción deste tipo, deben ser máis serios, a concelleira de Convergencia Galega xa dixo que poderían instar ós veciños a facelo, pero está claro que no caso dun Concello non ten sentido, non é factible, pois non un Concello non pode xestionarse como hai cen anos. Votarán en contra.

O señor Español Otero di que é impensable o que se pide, perxudicarían ós afectados, pois se os bancos non teñen cartos, non poderán pagar. Diríxese á señora Estévez Álvarez e di que non todo vale, sinte que a concelleira sexa o correo de determinada persoa á que todo lle vale para sacar rentabilidade e que utiliza ós colectivos no seu interese. Di que a Xunta de Galicia abriu unhas oficiñas de información, cerca de aquí está a do Rosal, e recorda que xa algún afectado descalificou ó Concello da Guarda por iso, pero explica que a oficiña se montou no Rosal polo maior número de afectados detectados, así se manifestou a Consellería de facenda. A moción de Convergencia Galega é facer unha política “barriobajera” e inoperante.

Sometida a votación a moción , acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (quinze votos en contra).

**A moción non prospera.**

(Sae o señor Rodríguez González e a señora Vicente Santiago, 23:15 horas).

**R.E. nº 1.494 do BNG: Sobre o ferri A Guarda – Caminha.**

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

### **“MOCIÓN SOBRE O FERRI A GUARDA - CAMINHA**

1-Exposición de motivos:

O ferri a Guarda e Caminha é unha realidade dende hai aproximadamente unha década e media unindo as dúas beiras do río Miño. Durante todos estes anos, o ferri foi utilizado por miles de usuarios. Hoxe en día, é unha vía de comunicación internacional utilizada a diario por



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

turistas, comerciantes, traballadores ou por usuarios establecendo intercambios comerciais, laborais, culturais, ...

Dende o BNG levamos con preocupación as noticias que nos medios de comunicación veñen aparecendo cada certo tempo sobre o futuro desta comunicación fluvial. Así llo fixemos saber ao Sr. Alcalde en diferentes escritos, mocións e en reunións ás que se nos teñen convocado.

Para o BNG é irrenunciábel a comunicación entre A Guarda e Caminha por vía fluvial e o Goberno central debe implicarse de cheo no mantemento desta comunicación de carácter internacional.

O principal atranco que atopa a continuidade do servizo entre as dúas beiras do Miño é o custoso dragado para poder habilitar a canle de navegación do ferri. Dende o BNG levamos reclamando ano tras ano nos Orzamentos do Goberno central a inclusión dun dragado máis acorde co ecosistema do río e así facer compatíbel a comunicación fluvial coa actividade pesqueira que o propio río xera.

Debemos abordar o río como unha cuestión integral coas diferentes actividades que nel se realizan. E o momento non so de tratar o dragado, hai que examinar a conveniencia e posibilidade de utilizar un novo tipo de embarcación que sexa menos agresiva co medio e máis barata no seu mantemento.

A falta de compromiso que teñen amosado as diferentes administracións públicas na procura dunha solución definitiva a este problema, nomeadamente o Goberno central, está levando a incerteza ao conxunto da sociedade guardesa que ve como se está a por en cuestión a continuidade do ferri entre A Guarda e Caminha.

2- Polo anteriormente exposto o BNG ven a pedir para que adoite as seguinte

### ACORDO

- 1. Solicitar do Goberno central un compromiso firme e público coa continuidade do servizo do ferri entre A Guarda e Caminha.**
- 2. Solicitar que se inicien de xeito urxente os estudos pertinentes para a realización dun dragado que faga compatíbel as diferentes actividades que se realizan no río, como o transporte de pasaxeiros, pesqueiras, .... Que no mesmo estudo contemple o tipo de embarcación utilizando criterios ecolóxicos, de aforro de custos de mantemento sen minguar a calidade do servizo, as súas frecuencias e operatividade.**
- 3. Enviar este acordo á Presidencia do Goberno, ao Ministerio de Medio Ambiente, ao Ministerio de Fomento, á Delegación do Goberno en Galiza, á Xunta de Galiza, ao Goberno de Portugal e á Cámara municipal de Caminha.”**

(Regresa o señor Rodríguez González e a señora Vicente Santiago, 23:17 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que esta moción se presenta dous anos despois de ser rexeitada no Pleno, pois a data de hoxe está vixente, hai que poñer en valor o río e a comunciación entre A Guarda e Caminha, e deben preguntarse qué quere este pobo facer co ferri, polo que insiste en contar co apoio de toda a Corporación nesta moción.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, pois esta comunicación é importante para o Concello, e se trata dun atractivo turístico e unha vía de comunicación con Caminha, polo que hai que buscar solucións.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que a resposta é a mesma que hai dous anos, se reafirman, e ela mesma se compromete a conseguir ese compromiso, votarán a favor.

O señor Español Otero di que os grupos municipais tiveron unha reunión, para tratar da problemática do ferri, e lles foi trasladado un texto para que fixeran aportacións. Na Comisión de Asuntos Plenarios se preguntou que grupos asumían o texto, que se leva no orde do día do presente Pleno. Explica que o día 3 de abril teñen unha reunión na Coruña, e di que se van abster nesta moción, polas formas, posto que xa hai unha moción conxunta no orde do día, e cre que non se esrá sendo respectuoso.

(Saen a señora Vicente Baz e o señor Rodríguez Amenedo, 23:30 horas).

O señor Lomba Alonso di que el xa tivo as súas reticencias na propia Comisión, pois non entendeu que se tratara dun texto a consensuar, e non suscriben a moción conxunta porque a do BNG lles parece máis completa, queren aprobar a súa moción pois o acordo lles parece máis claro.

(Regresan a señora Vicente Baz e o señor Rodríguez Amenedo, 23:32 horas).

O señor Español Otero di que precisamente era esa a intención do equipo de goberno, enriquecer o texto proposto, contesando o señor Lomba Alonso que el non o entendeu así.

Intervén o señor Alcalde e di que houbo unha nota de prensa na que se dicía que se redactaría unha moción para someter ó Pleno, cre que non empezarán ben se envían dúas mocions distintas do mesmo Pleno, pide ó BNG que a retire e dea o seu apoio á moción conxunta.

O señor Lomba Alonso di que está de acordo, sempre que na moción conxunta se inclúa o punto segundo da moción do BNG.

A señora Iglesias Ferreira di que eles sí entenderon que se lles entregou unha proposta para facer aportacións, e na Comisión de Asuntos Plenarios se asumiu polos grupos.

O señor Lomba Alonso **retira a moción**, para incluír o punto segundo da mesma na moción conxunta.

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 23:35 horas).

### R.E. nº 1.520 de Convergencia Galega.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

**“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,**

### **EXPÓN:**

No pleno ordinario do pasado día 27 de Xaneiro do 2.012, a moción sobre a creación dun “Consortio Local entre os Concellos da Guarda, Oia e Rosal para a xestión conxunta e coordinada do servizo de emerxencias e intervencións rápidas” presentada pola “Asociación Vecinal pro-unificación municipal: Concello Foz do Miño” o pasado 9 de Decembro do 2.011; nese pleno a citada moción ficou enriba da mesa en espera da realización dun informe xurídico económico por parte do servizo de Intervención do Concello da Guarda.

Xa levan pasado máis de 3 meses dende a presentación da citada moción para a creación dun “Consortio Local entre os Concellos da Guarda, Oia e Rosal para a xestión conxunta e coordinada do servizo de emerxencias e intervencións rápidas” presentada pola “Asociación Vecinal pro-unificación municipal: Concello Foz do Miño” o pasado 9 de Decembro do 2.011.

Dado que estamos a menos de 10 días do seguinte pleno ordinario, en base ó artigo 149 do RD 2.568/1.986 solicita unha copia do informe realizado polo servizo de Intervención do Concello da Guarda sobre a moción de creación dun “Consortio Local entre os Concellos da Guarda, Oia e Rosal para a xestión conxunta e coordinada do servizo de emerxencias e intervencións rápidas” presentada pola “Asociación Vecinal pro-unificación municipal: Concello Foz do Miño” o pasado 9 de Decembro do 2.011.

### **A Guarda, a 19 DE MARZO DO 2.012”**

O señor Español Otero explica que no último Pleno se solicitou un informe de secretaría sobre os pasos a seguir para a creación dun Consortio, posto que era preceptivo, e o citado informe xa foi incluído no punto 7º da presente sesión, polo que a moción non ten sentido.

A señora Estévez Álvarez **retira a moción.**

(Sae señor Español Otero, 23:36 horas).

### **RE 1.568 do Partido Popular: sobre a instauración da posibilidade de notificación electrónica nas relacións Concello – corporación.**

O señor Fontenla Martínez da conta da seguinte moción:

### **“MOCIÓN: INSTAURACIÓN DE LA POSIBILIDAD DE LA NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA EN LAS RELACIONES CONCELLO – CORPORACIÓN**

Nadie duda de la transformación social que ha supuesto la extensión de las tecnologías de la información y la comunicación. Cada vez es más palpable que esos cambios también se



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

han experimentado en las relaciones jurídico-administrativas, las Administraciones Públicas emplean, cada vez con mayor frecuencia, estas tecnologías para la gestión interna y para su relación con los ciudadanos.

El correo electrónico está extendido entre la gran mayoría de la población y la comunicación electrónica es un vehículo de comunicación eficiente, seguro y rastreable. Por tanto desde el grupo Municipal del Partido Popular creemos, y más aún en estos tiempos de crisis, que es fundamental el aprovechamiento de estas tecnologías para favorecer el ahorro y la eficiencia en la administración municipal. En pleno siglo XXI carece de sentido la notificación en mano y papel de muchos de los actos o convocatorias que el Concello realiza a la corporación. Cuando esta convocatoria, en muchos de los casos tampoco se realiza de una forma eficiente ni correcta.

Creemos que para ello existe base legal y muchas administraciones están ya optando por estos métodos de comunicación. Ejemplos de esta base son, por ejemplo:

El artículo 59.3 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común dispone que «para que la notificación se practique utilizando medios telemáticos se requerirá que el interesado haya señalado dicho medio como preferente o consentido expresamente su utilización, identificando además la dirección electrónica correspondiente, que deberá cumplir con los requisitos reglamentariamente establecidos. En estos casos, la notificación se entenderá practicada a todos los efectos legales en el momento en que se produzca el acceso a su contenido en la dirección electrónica. Cuando, existiendo constancia de la recepción de la notificación en la dirección electrónica, transcurrieran diez días naturales sin que se acceda a su contenido, se entenderá que la notificación ha sido rechazada (...), salvo que de oficio o a instancia del destinatario se compruebe la imposibilidad técnica o material del acceso».

Este artículo trae causa, a su vez, del artículo 7.2 del Real Decreto 263/1996, de 16 de febrero, por el que se regula la utilización de técnicas electrónicas, informáticas y telemáticas por la Administración General del Estado, que viene otorgando validez a las notificaciones electrónicas siempre que exista constancia de la transmisión y recepción, de las fechas y del contenido íntegro de las comunicaciones, se identifique fidedignamente al remitente y al destinatario de la comunicación y haya sido expresamente solicitada como medio preferente de notificación por el destinatario en cualquier momento de la iniciación o tramitación del procedimiento o del desarrollo de la actuación administrativa.

Por tanto desde el Partido Popular de A Guarda y con el fin de velar por la eficiencia en esta administración y buscando como finalidad un ahorro efectivo tanto en personal humano como en recursos económicos y materiales propone al pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

1. Solicitar a la secretaria del Concello un informe relativo a la notificación electrónica dentro del Concello, con el fin de comprobar la validez legal y los pasos y actuaciones necesarias para implantarla en las comunicaciones de este Concello con la Corporación Municipal.
2. Creación de un documento de comunicaciones Concello - Usuario, con el fin de



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

establecer y registrar las preferencias de los interesados sobre las comunicaciones del Concello hacia ellos. Documento donde se indique además del método o métodos preferentes, las direcciones reales tanto físicas como en su caso electrónicas o telemáticas donde quiera recibir dichas notificaciones. Documento que el interesado firmará para certificar su acuerdo sobre método y direcciones de notificación.

3. Solicitar del equipo de gobierno un estudio sobre la posibilidad de extender estas notificaciones a otros ámbitos de la administración municipal con el fin de fomentar el ahorro y la eficiencia.

A Guarda, a 15 Marzo 2012”

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo co punto primeiro, pois sería un aforro considerable.

A señora García Díaz di que votarán a favor, se ben hai concelleiros que non teñen ADSL de pago, pide que funcione.

(Regresan a señora Iglesias Ferreira e o señor Español Otero, 23:38 horas).

Intervén o señor Lomba Baz e di que moita documentación xa se envía por mail, pero pide que se retire o punto terceiro, pois require invertir cartos en algo que xa teñen claro cómo facer, pois para a implantación da Administración electrónica require cartos. Explica que nun Concello como A Guarda agora mesmo resulta inviable facelo sen que outras Administracións como o Goberno central, a Xunta ou a Deputación participen, para a aportación do software. Non ten intención de gastar cartos en facer un estudo sobre algo que xa sabe cómo facer, pero que teñen dificultades para facelo, polo que pide que ou se suprima o punto terceiro ou se cambie por facer xestións para que se consiga aportacións para facelo.

O señor Fontenla Martínez di que hai comunicacións deste tipo que se están facendo en Concellos que non teñen Administración electrónica, o estudo estaría dirixido para ver vías de aforro no envío de cartas, ou notificacións, saben que noutros Concellos se fai, tal vez sen a validez legal necesaria, pero sempre que o asuma o interesado. Non ten problema en cambiar o punto terceiro para facer xestións ou para estudar as vías de comunicación que abaraten as actuais.

O señor Lomba Baz di que o problema será determinar a validez legal desas notificacións.

A moción quedaría redactada como segue:

### **“MOCIÓN: INSTAURACIÓN DE LA POSIBILIDAD DE LA NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA EN LAS RELACIONES CONCELLO – CORPORACIÓN**

Nadie duda de la transformación social que ha supuesto la extensión de las tecnologías de la información y la comunicación. Cada vez es más palpable que esos cambios también se han experimentado en las relaciones jurídico-administrativas, las Administraciones Públicas



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

emplean, cada vez con mayor frecuencia, estas tecnologías para la gestión interna y para su relación con los ciudadanos.

El correo electrónico está extendido entre la gran mayoría de la población y la comunicación electrónica es un vehículo de comunicación eficiente, seguro y rastreable. Por tanto desde el grupo Municipal del Partido Popular creemos, y más aún en estos tiempos de crisis, que es fundamental el aprovechamiento de estas tecnologías para favorecer el ahorro y la eficiencia en la administración municipal. En pleno siglo XXI carece de sentido la notificación en mano y papel de muchos de los actos o convocatorias que el Concello realiza a la corporación. Cuando esta convocatoria, en muchos de los casos tampoco se realiza de una forma eficiente ni correcta.

Creemos que para ello existe base legal y muchas administraciones están ya optando por estos métodos de comunicación. Ejemplos de esta base son, por ejemplo:

El artículo 59.3 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común dispone que «para que la notificación se practique utilizando medios telemáticos se requerirá que el interesado haya señalado dicho medio como preferente o consentido expresamente su utilización, identificando además la dirección electrónica correspondiente, que deberá cumplir con los requisitos reglamentariamente establecidos. En estos casos, la notificación se entenderá practicada a todos los efectos legales en el momento en que se produzca el acceso a su contenido en la dirección electrónica. Cuando, existiendo constancia de la recepción de la notificación en la dirección electrónica, transcurrieran diez días naturales sin que se acceda a su contenido, se entenderá que la notificación ha sido rechazada (...), salvo que de oficio o a instancia del destinatario se compruebe la imposibilidad técnica o material del acceso».

Este artículo trae causa, a su vez, del artículo 7.2 del Real Decreto 263/1996, de 16 de febrero, por el que se regula la utilización de técnicas electrónicas, informáticas y telemáticas por la Administración General del Estado, que viene otorgando validez a las notificaciones electrónicas siempre que exista constancia de la transmisión y recepción, de las fechas y del contenido íntegro de las comunicaciones, se identifique fidedignamente al remitente y al destinatario de la comunicación y haya sido expresamente solicitada como medio preferente de notificación por el destinatario en cualquier momento de la iniciación o tramitación del procedimiento o del desarrollo de la actuación administrativa.

Por tanto desde el Partido Popular de A Guarda y con el fin de velar por la eficiencia en esta administración y buscando como finalidad un ahorro efectivo tanto en personal humano como en recursos económicos y materiales propone al pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

1. Solicitar a la secretaria del Concello un informe relativo a la notificación electrónica dentro del Concello, con el fin de comprobar la validez legal y los pasos y actuaciones necesarias para implantarla en las comunicaciones de este Concello con la Corporación Municipal.
2. Creación de un documento de comunicaciones Concello - Usuario, con el fin de establecer y registrar las preferencias de los interesados sobre las comunicaciones del



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Concello hacia ellos. Documento donde se indique además del método o métodos preferentes, las direcciones reales tanto físicas como en su caso electrónicas o telemáticas donde quiera recibir dichas notificaciones. Documento que el interesado firmará para certificar su acuerdo sobre método y direcciones de notificación.

3. Solicitar del equipo de gobierno que haga las gestiones necesarias para conseguir abaratar las actuales vías de comunicación con el fin de fomentar el ahorro y la eficiencia.

A Guarda, a 15 Marzo 2012”

Sometida a votación a moción, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **R.E. Nº 1.569 do Partido Popular: Promoción e protección da riqueza web do noso municipio.**

O señor Fontenla Martínez da conta da seguinte moción:

#### **“MOCIÓN: PROMOCIÓN Y PROTECCIÓN DE LA RIQUEZA WEB DE NUESTRO PUEBLO**

Desde hace ya más de 10 años este pueblo se ha distinguido por la gran actividad y riqueza en contenidos webs, sobre todo de carácter privado. Unas webs y unos contenidos que no sólo han servido como medio de información para los guardeses; si no que también han sido un importante valor de promoción turística, en muchos casos gratuita, que han servido para fomentar este atractivo lugar turístico en la red de redes. Estas webs han realizado también una extraordinaria labor de conexión entre los guardeses locales y emigrantes, en unas épocas en las que las redes sociales no hacían aún esta impagable labor.

Es por tanto labor del Concello proteger, promover y poner en valor esta actividad tan importante para nuestro pueblo. Esta labor de promoción ha de ser, a entender de este grupo municipal, continua, coordinada con todas las concejalías, responsable y completa. No podemos permitirnos que esta labor poco menos que altruista pase desapercibida o caiga en el desanimo por una falta de apoyo por parte de la administración municipal.

No queremos en esta moción limitar ni indicar cuales son las webs que merecen apoyo, pensamos que todas aquellas que cumplan con la misión de informar o promover a este pueblo merecen todo nuestro respeto y apoyo. Por tanto consideramos que todas las que realicen esta labor merecen en mayor o menor medida el apoyo también de está administración local.

Por tanto desde el Partido Popular de A Guarda y con el fin de apoyar, promover y fomentar la riqueza Web de nuestro Concello propone al pleno la adopción de los siguientes acuerdos:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1. Proponer a la Concejalía de Nuevas Tecnologías la creación de un registro de webs locales abierto a todas aquellas que quieran pertenecer a el. Un registro segmentado y ordenado y que sirve de base y ayuda para todas las actuaciones siguientes.
2. Proponer a la Concejalía de Nuevas Tecnologías la creación, dentro de la web del Concello de un directorio web local en el que se de promoción y cabida a la gran riqueza y variedad web de nuestro contorno. Donde tengan cabida toda web con relación directa o indirecta con nuestro pueblo y cualquiera de sus colectivos.
3. Proponer al grupo de Gobierno la creación de una vía de comunicación unificada por parte del Concello de toda nota de prensa, noticia e información para que llegue a todos los medios y webs locales y no locales que así lo soliciten. Esta medida facilitará y aumentará la difusión de noticias, informaciones y contenidos de interés para ciudadanía y turistas.
4. Pedir que con cargo a las partidas destinadas a promoción y publicidad de las diferentes Concejalías se tenga especial sensibilidad con estas webs locales y se valore de forma justa su capacidad de difusión y la capacidad de penetración de la publicidad online, con el fin de destinar parte de estas partidas al gasto y promoción en publicidad online como una forma de publicidad más económica y en muchos casos mucho más eficiente y rentable. La finalidad es que esto también ayude al sostén y mantenimiento de las webs locales que así lo precisen.

A Guarda, a 15 de Marzo 2012"

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, están de acordo tanto en facer un rexistro das webs como destinar partidas orzamentarias.

O señor Lomba Alonso di que ten dúbidas, pois a moción fala de webs, que non é o mesmo medios de comunicación dixital, porque hai páxinas webs que dan información pero que cre que non debe ser subvencionadas, e pide que se retire o último punto.

O señor Fontenla Martínez explica que se trata de que as páxinas webs poidan vender servicios publicitarios ó Concello, e que se teña sensibilidade con esas webs que teñen CIF que poden vender eses servizos de publicidade e que se teña en conta esa publicidade como medio válido, sustentable e máis económico que o papel.

O señor Lomba Baz di que non ve necesaria a moción, aínda que non están en contra da mesma, e explica que a páxina web do Concello naceu como un servizo municipal e como medio de promoción turística. Cre que poden aceptar facer unha ligazón con webs de interese, o que podería coincidir co primeiro punto da moción, poderían facer un rexistro, pero podería xerar conflitos. Pensa que é máis útil acudir ás ligazóns que ten calquera páxina da vila. Di que o punto segundo xa se está facendo: primeiro o Concello decidiu de oficio recoller todos os medios que lle interesan, cre que de oficio non se poden meter todos, porque hai páxinas que non as incluírían nunca. Despois os medios se dirixen ó Concello, e se inclúen na relación que ten o Concello. Instará á concelleira de turismo a ter máis sensibilidade co tema de dar publicidade, pero a moción é moi aberta, eles aprobarían a moción, pero deben saber que se utilizarían os filtros propios dunha institución.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Fontenla Martínez di que hai que saber o que se está tratando, parécelle ben que se filtren, recoñece que hai páxinas que non deberían estar na relacións, e di que en moitas cousas inflúe ter unha ligazón na páxina do Concello, xa na moción se di que son os medios os que deben dirixirse ó Concello, haberá que habilitar unha fórmula, para aparecer nesta listaxe e que despois se filtre. Respecto do último punto deixou claro que son as páxinas webs, está claro que publicidade non pode ter calqueiraira

Neste momento, e sendo ás 00:00 horas, intervéñe o señor Alcalde para dicir que se ben o principio de unidade de acto impón que as sesións plenarias comecen e rematen no mesmo día, quere xustificar que fai uso da potestade para a continuación da sesión, por razóns evidentes, para non cercenar os dereitos dos grupos e poder tratar as mocións restantes e os rogos e preguntas, polo que a sesión continúa.

O señor Lomba Baz di que non se discrimina intencionadamente, e cre que gaña máis o Concello cando páxinas que teñen máis visitas nos ligan. Finalmente di que non todos van a estar porque non todo deben estar.

O señor Alcalde di que non todas deben estar e o mirarán con lupa.

Sometida a votación a moción, foi aprobada seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

**R.E. nº 1.597 de Convergencia Galega: Rechazo á reforma laboral aprobada polo Goberno.**

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

### **“RECHAZO A REFORMA LABORAL APROBADO POR EL GOBIERNO**

No preámbulo do Real Decreto ei 3/2012 se expón o falar da evolución do desemprego: recoge literalmente: *“Las cifras expuestas ponen de manifiesto que las reformas laborales realizadas en los últimos años, (...) han sido reformas fallidas”*. Pero o partido do goberno, paréz esquecer que algunhas desas reformas fixéronse nos gobernos de Aznar, dos que formaba parte Mariano Rajoy, ou que as que se fixeron co PSOE, contaron en moitos casos cos apoios do PP, CiU e PNV.

O que ten sucedido nestes últimos tempos, ven a demostrar que baixas as indemnizacións por despido non basta para crear emprego, o contrario, pode ser a catapulta que vaia lanzando a máis traballadores o paro. Tema que durante a pasada campaña electoral de xeito machacón formou parte dos discursos dos dirixentes populares, continuando na mesma dirección que a feita polo Goberno do PSOE, durante o ano 2010, ca que se facilitaba o despido colectivo de



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

20 días por ano e as súas consecuencias foron o crecemento do desemprego en case dous millóns de persoas dende a súa aprobación dos millóns de persoas desde su aprobación ata agora.

Rechazamos a Reforma Laboral aprobada no Consello de Ministros do pasado 10 de febreiro, porque consideramos que soio servirá para que os traballadores deste país sigan perdendo dereitos e se destrua máis emprego.

E importante lembrar que o contrato indefinido con 33 días por ano como indemnización por despido improcedente, ten estado vixente durante anos e non serviu para a creación de emprego, así como tamén que a redución de dereitos na contratación soio tivo como consecuencia o incremento constante de desemprego entre os máis xóvenes

Por todo o exposto, vimos a presentar para o seu debate e aprobación si procede a seguinte MOCIÓN:

1. **O Pleno do Concello de A Guarda, apoia as mobilizacións convocadas polos sindicatos.**
2. **O Pleno do Concello de A Guarda, insta o Goberno de España, e ao Congreso dos Deputados a retirada do RD Lei 3/2012 sobre Medidas Urgentes para a Reforma do Mercado Laboral por consideralo inxusto, innecesario e antisocial.**
3. **O Concello de A Guarda, considera necesario a adopción de medidas que estimulen a economía mediante os créditos de axuda as pequenas empresas e aos autónomos, medidas de incremento do consumo e a inversión.**
4. **Dar traslado destes acordos as centrais sindicais, ao Presidente do Goberno e a Mesa do Congreso dos Deputados.”**
- 5.”

A señora García Díaz di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán en contra, e di que se trata dunha moción asumida por Convergencia Galega.

O señor Español Otero di que votarán en contra, non polo fondo, senón pola forma, pois se trata da invasión e un *ninguneo* ós representantes lexítimos do pobo, posto que está asinada por unha persoa que non é concelleiro.

Sometida a votación a moción , acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba ( trece votos en contra).





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A moción non prospera.**

**R.E. nº 1.715 do BNG: Sobre a promoción do libro en galego.**

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

### “MOCIÓN SOBRE A PROMOCIÓN DO LIBRO EN GALEGO

1-Exposición de motivos:

Na páxina web do concello puidemos ver como no apartado de "**eventos destacados**" de Cultura aparece a divulgación O Día do Libro, entre outros parágrafos aparecen os seguintes:

*A "Feira do Libro Letras Galegas 08" celebrouse o 1 de xuño no Centro Cultural... xa que estaba previsto realizala o 18 de maio na rúa do Porto da Guarda.*

*Para fomentar a venda de libros fixéronse descontos que asumiron a partes iguais o concello e as librerías.*

*O Acto foi organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Guarda. ... A Feira, que tina como obxectivo fomentar a venda e lectura de libros e promocionar o comercio comarcal, viu cumpridas satisfactoriamente as súas pretensións.*

O BNG entende que a "Feira do Libro das Letras Galegas" debe estar encaminada á promoción e divulgación do libro en galego. A situación actual, de axuda a todo tipo de libros, ten como consecuencia que a presenza de libros en galego sexa residual.

Tendo en conta as dificultades que está padecendo a cultura escrita en lingua galega, que compite en inferioridade de condicións con outras linguas como o español, cunha falta de apoios institucionais, como a Xunta de Galiza e a Deputación de Pontevedra, que levou a unha situación de precariedade e, incluso, feche de moitos medios de comunicación escritos e dixitais, editoriais, ... en galego.

Tendo en conta o dereito e **a obriga** que teñen as administracións públicas, entre elas o concello, de promover e protexer o noso patrimonio e señas de identidade como a lingua galega.

2- O BNG ven a pedir para que adote as seguinte ACORDO

**O Concello da Guarda centrarase na promoción de descontos de libros en galego "Na Feira do Libro das Letras Galegas" que organiza. Utilizará os fondos destinados para a promoción doutros libros a incrementar a cuantía dos descontos de libros en galego."**

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, é boa a promoción do libro en galego, e o galego fronte ó castelán ten máis problemas financeiros.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Fontenla Martínez di que está en desacordo con parte do argumentario, se ben votarán a favor, e pide que se intente manter a feira con esta denominación.

Intervén o señor Lomba Baz e di que votarán en contra por unha cuestión técnica, pois é difícil de realizar na práctica, a feira a fan as librerías en colaboración co Concello, e este sería o fin de calquera feira do libro na Guarda, quen organiza é o Concello, e se din que só se promocionará o libro en galego, non tería interese. Di que, no fondo, aínda que é promoción das letras galegas, se trata tamén da promoción da cultura, das librerías e do comercio. Se trata dun evento cultural, parécelle tecnicamente imposible manter a feira se só queren subvencionar os libros en galego.

A señora García Díaz pide que entón non a fagan o día das letras galegas, porque non lle parece lóxico facer unha feira o libro o día das letras galegas e non promocionar o libro en galego.

O señor Lomba Baz di que se, se ben non exclusivamente, sí se promociona o libro en galego, durante estes anos o Concello adquiriu libros sobre a persoa á que se adicaba o día das letras galegas, se adquirirían libros en galego e se repartían, pero o seu obxectivo era que se fixera a feira, que poderían celebrala noutra data, pero tamén poden facela nesa data, que é o que van facer.

A señora García Díaz di que eles non piden que só se vendan libros en galego, senón que o Concello aporte cartos para que se fagan descontos nos libros en galego para que a xente merque libros en galego o días das letras galegas, non piden máis.

O señor Lomba Baz se pregunta qué pasaría se ás librerías lles din que só van subvencionar os libros en galego e di que a potestade de facer a feira é do equipo de goberno, é unha actividade fráxil, non queren que desapareza e tratarán de promocionar o libro en galego.

Sometida a votación a moción , acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos en contra)

Existindo un empate, o señor Alcalde fai uso do seu voto de calidade, polo que **a moción non prospera.**

### **R.E. nº 1.724 do GMS: Sobre a Escola Infantil Municipal.**

O señor Alcalde da conta da seguinte moción:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Sae o señor Lomba Baz, 00:20 horas).

### “MOCIÓN SOBRE A ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL

No ano 2007 o Concello de A Guarda recibiu da Xunta a cantidade de 60.000 euros para sufragar gastos da Escola Municipal Infantil. Esa subvención acadaba, aproximadamente, o 50% do custo total da Escola.

No ano 2011 a aportación da Xunta foi de 23.010,75 euros e o custo total de 142.000 euros. Dado que a aportación dos pais ascendeu a 26.325 euros, o déficit do pasado ano foi de 92.664,25 euros.

Anos atrás, cando a situación económica era outra, o Concello podía soportar determinados déficits. Hoxe é imposible. Se a aportación económica da Xunta fora semellante á do 2007 igual o Concello poderla xestionar a Escola Infantil. Coa aportación de hoxe, non.

Hai que subliñar que as escolas infantís non son unha competencia municipal. Sempre é deber da administración local colaborar con outras administracións para dar os mellores servizos á cidadanía. Pero unha cousa é colaborar e outra asumir competencias non propias cando non hai a corresponsabilidade debida.

Con resultados altamente deficitarios no Conservatorio Municipal, na Piscina Municipal, na Escola Infantil, etc. é hora de que, onde sexa posible, se adopten decisións que viabilicen a economía municipal.

Entendemos pois, que debe ser a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Traballo e Benestar, quen se faga cargo da Escola Infantil. Polo antedito, proponemos ó Pleno que adopte os seguintes acordos:

- 1.- O Concello de A Guarda traspasaralle á Xunta de Galicia, previos os trámites oportunos, a Escola Infantil situada en As Solanas.
- 2.- Facúltase ó Alcalde para levar a cabo as xestións precisas para tal fin.”

A señora Estévez Álvarez di que non entenden esta moción, cando foron aprobados os orzamentos saía a Escola Municipal que ía seguir cos servizos que prestaba, igual que o Conservatorio. Di que está claro que estamos en tempos de crise, e non é un servico que ten que realizar o Cocello e se a pode asumir a Xunta, mellor. Votarán a favor.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor, o BNG leva tempo dicindo isto, e cando houbo oportunidade de entregala á Xunta non houbo vontade do PP nin do GMS, parecía que había medo. Consideran que este servico debe estar en mans da Xunta.

A señora Iglesias Ferreira di que no orzamento se indicaba que se pretendía manter a calidade dos servizos prestados no Conservatorio, na piscina ou na Escola Infantil, cre que isto é unha falacia se o que se pretendía era iso, din que van facer un esforzo nos orzamentos e agora din que o van ceder todo, se pregunta para qué serven os orzamentos. Di que existe déficit no Conservatorio, na Escola Infantil e na piscina, se queren traspasar eses servizos á



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Xunta. Non se explica qué vai xestionar o Concello, sobrarán xestores, e di que se quen contar co apoio do PP, propoñen unha enmenda: "O Concello de A Guarda iniciará as xestións precisas para intentar traspasarlle á Xunta de Galicia, previos os trámites oportunos, a Escola Infantil situada en As Solanas."

O señor Alcalde explica que houbo tempos nos que a economía municipal soportaba gastos que agora non poden soportarse, e pensa que hai unha táctica na Xunta, que é rebaixar subvencións para obrigar ás Entidades Locais a entrar na rede da Xunta, houbo unha rebaixa enorme das contías que este ano vai percibir o Concello da Guarda, e lamenta que dende as Administracións de rango superior se faga isto, pero é a cruda realidade. A súa percepción é que a Escola Infantil funcionou ben, pero non cabe outra, a intención é que canto antes sexa aceptada pola Xunta.

Pregunta o señor Lomba Alonso se teñen algún tipo de garantía de que a Xunta vaia aceptar o traspaso, contestando o señor Alcalde que non hai garantías, é certo que tal vez houbo un momento mellor para traspasala, pero agora é cando o quen facer. Aceptan a enmenda proposta polo PP.

A señora Iglesias Ferreira di que houbo tempos e tempos, pero ó PP lle importa o Concello da Guarda.

A moción quedaría redactada como segue:

### **"MOCIÓN SOBRE A ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL**

No ano 2007 o Concello de A Guarda recibiu da Xunta a cantidade de 60.000 euros para sufragar gastos da Escola Municipal Infantil. Esa subvención acadaba, aproximadamente, o 50% do custo total da Escola.

No ano 2011 a aportación da Xunta foi de 23.010,75 euros e o custo total de 142.000 euros. Dado que a aportación dos pais ascendeu a 26.325 euros, o déficit do pasado ano foi de 92.664,25 euros.

Anos atrás, cando a situación económica era outra, o Concello podía soportar determinados déficits. Hoxe é imposible. Se a aportación económica da Xunta fora semellante á do 2007 igual o Concello poderla xestionar a Escola Infantil. Coa aportación de hoxe, non.

Hai que subliñar que as escolas infantís non son unha competencia municipal. Sempre é deber da administración local colaborar con outras administracións para dar os mellores servizos á cidadanía. Pero unha cousa é colaborar e outra asumir competencias non propias cando non hai a corresponsabilidade debida.

Con resultados altamente deficitarios no Conservatorio Municipal, na Piscina Municipal, na Escola Infantil, etc. é hora de que, onde sexa posible, se adopten decisións que viabilicen a economía municipal.

Entendemos pois, que debe ser a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Traballo e Benestar, quen se faga cargo da Escola Infantil. Polo antedito, proponemos ó Pleno que adopte



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

os seguintes acordos:

- 1.- O Concello de A Guarda iniciará as xestións precisas para intentar traspasarlle á Xunta de Galicia, previos os trámites oportunos, a Escola Infantil situada en As Solanas.
- 2.- Facúltase ó Alcalde para levar a cabo as xestións precisas para tal fin.

A Guarda, 27 de marzo de 2012”

Sometida a votación a moción, co texto citado, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **Moción conxunta do GMS – PP – CG sobre a mantemento da comunicación entre A Guarda e Caminha.**

O señor Alcalde da conta da seguinte moción:

#### **“MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DA COMUNICACIÓN ENTRE A GUARDA E CAMINHA**

A pasada semana reuniuse a Comisión do Ferri. Unha das decisións adoptadas foi a de elaborar unha moción de apoio ó mantemento da comunicación entre A Guarda e Caminha que puidera servir para tódolos concellos que quixeran apoiala e que servirá de base mesmo para facilitar o pronunciamento a asociacións e colectivos.

Como é coñecido, o ferri que une as localidades de A Guarda e Caminha funciona dende o ano 1995. Para facer a travesía emprega unha canle perpendicular ás correntes do río que é preciso dragar para manter o calado preciso.

Durante moitos anos encargouse a Cámara de Caminha dos traballos de dragado. Nos anos 2008, 2009 e 2011 foi a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, dependente do Ministerio do Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, quen acometeu o dragado.

Cando se retrasa o dragado ou cando é insuficiente, o barco ten problemas de navegabilidade. É preciso atopar unha solución definitiva no tempo porque a comunicación entre A Guarda e Caminha é absolutamente imprescindible por razóns económicas, históricas, sociais e culturais. A estas razóns súmase, dende hai uns anos, o Camino Portugués pola Costa. Sen este nexos, non hai Camiño.

O norte portugués e o sur galego non poden renunciar a ter unha comunicación estable entre A Guarda e Caminha. Polo antedito, propónse ó Pleno que adopte os seguintes acordos:

- 1.- O Pleno do Concello de A Guarda manifesta o seu total apoio ó mantemento da comunicación entre A Guarda e Caminha.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.- O Pleno do Concello de A Guarda solicita do Goberno Central un compromiso firme e público a favor da continuidade da comunicación entre A Guarda e Caminha.

3.- O Pleno do Concello de A Guarda insta ó Goberno Central, á Xunta de Galicia e ó Goberno Portugués a que, no ámbito das súas competencias, adopten as decisións precisas para garantir a comunicación permanente entre A Guarda e Caminha.

4.- Trasladar estes acordos a:  
Presidencia do Goberno Central  
Ministra de Fomento  
Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente  
Delegación do Goberno  
Presidencia da Xunta  
Consellería de Medio Ambiente  
Goberno Portugués  
Cámara de Caminha.”

O señor Alcalde di que, despois do acordado cando se tratou a moción presentada polo BNG, se propón unha enmenda ó texto, incluíndo como punto 4 da moción o punto segundo da moción do BNG, pasando punto cuarto a ser o punto quinto. A moción quedaría redactada como segue:

### **“MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DA COMUNICACIÓN ENTRE A GUARDA E CAMINHA**

A pasada semana reuniuse a Comisión do Ferri. Unha des decisións adoptadas foi a de elaborar unha moción de apoio ó mantemento da comunicación entre A Guarda e Caminha que puidera servir para tódolos concellos que quixeran apoiala e que servirá de base mesmo para facilitar o pronunciamiento a asociacións e colectivos.

Como é coñecido, o ferri que une as localidades de A Guarda e Caminha funciona dende o ano 1995. Para facer a travesía emprega unha canle perpendicular ás correntes do río que é preciso dragar para manter o calado preciso.

Durante moitos anos encargouse a Cámara de Caminha dos traballos de dragado. Nos anos 2008, 2009 e 2011 foi a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, dependente do Ministerio do Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, quen acometeu o dragado.

Cando se retrasa o dragado ou cando é insuficiente, o barco ten problemas de navegabilidade. É preciso atopar unha solución definitiva no tempo porque a comunicación entre A Guarda e Caminha é absolutamente imprescindible por razóns económicas, históricas, sociais e culturais. A estas razóns súmase, dende hai uns anos, o Camino Portugués pola Costa. Sen este nexo, non hai Camiño.

O norte portugués e o sur galego non poden renunciar a ter unha comunicación estable entre A Guarda e Caminha. Polo antedito, propónse ó Pleno que adopte os seguintes acordos:

1.- O Pleno do Concello de A Guarda manifesta o seu total apoio ó mantemento da



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

comunicación entre A Guarda e Caminha.

2.- O Pleno do Concello de A Guarda solicita do Goberno Central un compromiso firme e público a favor da continuidade da comunicación entre A Guarda e Caminha.

3.- O Pleno do Concello de A Guarda insta ó Goberno Central, á Xunta de Galicia e ó Goberno Portugués a que, no ámbito das súas competencias, adopten as decisións precisas para garantir a comunicación permanente entre A Guarda e Caminha.

4.- Solicitar que se inicien de xeito urxente os estudos pertinentes para a realización dun dragado que faga compatíbel as diferentes actividades que se realizan no río, como o transporte de pasaxeiros, pesqueiras, .... Que no mesmo estudo contemple o tipo de embarcación utilizando criterios ecolóxicos, de aforro de custos de mantemento sen minguar a calidade do servizo, as súas frecuencias e operatividade.

5.- Trasladar estes acordos a:

Presidencia do Goberno Central  
Ministra de Fomento  
Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente  
Delegación do Goberno  
Presidencia da Xunta  
Consellería de Medio Ambiente  
Goberno Portugués  
Cámara de Caminha.”

Sometida a votación a moción, co texto citado, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

(Sae a señora Vicente Santiago, 00:35 horas).

### **MOCIÓNS DE URXENCIA.**

O señor Alcalde da conta da seguinte xustificación da urxencia:

#### “XUSTIFICACIÓN URXENCIA

No pleno extraordinario de 28 de febreiro de 2012 aprobáronse inicialmente os orzamentos do Concello da Guarda para o presente ano. O día 6 de marzo de 2012 publicouse o anuncio de exposición ó público no B.O.P. nº.46.

O día 16 de marzo de 2012 D. Celso Rodríguez Fariñas, en calidade de Secretario da Asociación Infomaxe, presentou unha reclamación á aprobación inicial dos citados orzamentos.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O 26 de marzo recíbense no Concello noventa e cinco alegacións ó orzamento do Concello de A Guarda asinadas por D<sup>a</sup> Beatriz Estévez Álvarez en calidade de Concelleira-portavoz de Convergencia Galega.

Estas últimas alegacións foron depositadas nas oficinas de correos da Guarda o día 23 de marzo de 2012 (último día hábil para facelo).

A data da celebración do pleno ordinario do mes de marzo está establecida por acordo plenario para o día 30, último venres, polo que o último día para convocar en tempo e forma a comisión de asuntos plenarios e a comisión de contas foi o día 23 de marzo, coincidente coa data de finalización para a presentación de alegacións.

De ter sido presentadas estas alegacións o mesmo día 23, pero no rexistro do Concello como fai habitualmente esta concelleira e este grupo político, terían sido incluídas na orde do día das comisións de contas e asuntos plenarios e polo tanto na orde do día do pleno ordinario convocado para o día 30, pero o telo feito deste xeito, legal pero pouco habitual, non foi posible a súa inclusión.

Este asunto, nunha situación normal, solventaríase convocando un pleno extraordinario para resolver estas alegacións e agardar a súa publicación no B.O.P sen outro prexuízo que o económico para as arcas municipais e o retraso na aprobación definitiva dos orzamentos para o 2012.

Existen, sen embargo, unha serie de poderosas razóns que obrigan a axilizar este proceso en defensa dos intereses municipais que mencionamos a continuación.

En cumprimento do RD 4/2012 o Concello da Guarda remitíu o Ministerio de Facenda a certificación de tódalas facturas pendentes de pago a 31 de decembro de 2011 con provedores por importe de 989.404,03€ co propósito de incluílas nun hipotético plan de axuste.

Para poder acollerse a este plan de axuste o Goberno Central esixe ós Concellos tódolos datos de ingresos e gastos do ano 2011. Esta documentación foi entregada por parte dos servizos económicos ó Equipo de Goberno o día de hoxe 29 de marzo de 2012.

Nunha nota informativa do Ministerio de Facenda posterior á publicación do R.D. 4/2012 de 25 de febreiro comunícase ós Concellos que poderán pagar facturas, das incluídas na relación enviada, ata o día 22 de abril de 2012.

Ante esta posibilidade e posto que a situación financeira do Concello de A Guarda mellorou substancialmente debido a que nestes últimos días se están a producir ingresos de débedas que outras administracións mantiñan co concello de A Guarda, o Grupo de Goberno determinou non acollerse ó plan de axuste e axilizar todo o proceso para que permita:

- 1.- Aprobar definitivamente os orzamentos coa máxima urxencia.
- 2.- Convocar un pleno extraordinario para aprobar un recoñecemento extraxudicial que permita aboar unha serie considerable de facturas con provedores antes do día 22 de abril de 2012.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3.- Este proceso permitiríanos aminorar en máis do 50% as facturas pendentes de pago con provedores a 31 de decembro de 2011 e polo tanto evitar así o pago de altos intereses que conlevaría o citado plan de axuste.

Este procedemento posibilitaría o cobro igualmente por parte dos provedores das facturas pendentes cuio importe sería detraída mensualmente ó Concello por parte do Ministerio a través dun desconto na participación de ingresos do Estado.”

(Regresa a señora Vicente Santiago, 00:37 horas).

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor da urxencia.

O señor Lomba Alonso di que non vai votar a favor, pois nesta situación nos colocou o equipo de goberno, houbo tempo para presentar o orzamento en tempo e forma. Durante o mes de xaneiro apareceu na prensa unha nota na que falaba dos acordos entre o GMS e Convergencia Galega, agora parece que a relación se rompeu, o equipo de goberno foi irresponsable.

O señor Fontenla Martínez critican que non pasara por Comisión de Contas, aínda que conte cos informes, pero sen tempo suficiente para estudar o asunto. Di que farán un esforzo aprobando a urxencia, polos perxucios que pode conlevar, pero recorda que o orzamento chegou tarde, e iso ten a culpa de que non se poida entrar no fondo.

Sometida a votación a **urxencia da moción**, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz (dous votos en contra).

(Sae a señora Vicente Baz, 00:50 horas).

A **urxencia prospera**, polo que o señor Alcalde da lectura á seguinte proposta:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA”

Visto os escritos presentados por Dona Beatriz Éstevez Álvarez, en calidade de Concelleira-Portavoz de converxencia Galega, e Don Celso R. Fariñas, en calidade de secretario da asociación INFOMAXE, no que se interpñoen alegacións oa Orzamento Xeral do Concello de A Guarda para o ano 2012, solicitados informes aos técnicos do Concello e emitidos os mesmos, propoño ao Pleno deste Concello a desestimación das mesmas e aprobación definitiva de dito Orzamento, para a súa publicación e entrada en vigor.

Na Guarda, a 30 de marzo de 2012.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Alcalde  
José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Magallanes Álvarez di que menos mal que o orzamento non foi aprobado en decembro ou novembro, porque deu tempo a todas as facturas presentadas a 31 de decembro de 2011 estiveran todas contabilizadas.

(Regresa a señora Vicente Baz, 00:50 horas).

A señora Magallanes Álvarez di que se trata de desestimar as alegacións presentadas, consta un informe de Intervención, non que sinala que as alegacións non teñen base, e un informe de Secretaría en relación coas alegacións ó orzamento do Padroado. Explica que é importante facelo hoxe neste Pleno, porque estes días se recibiron moitos ingresos no Concello, algúns de Administracións cercanas, teñen o compromiso de ingreso da subvención da Casa dos Alonsos, así como o resultado da liquidación do orzamento, que será ingresado, e esas contían permitirán facer o pago dunha parte importante das facturas. Di que o equipo de goberno acordou non acudir ó Plan de Axuste, porque sería desastroso para o Concello, dado que os intereses son altos. Di que queren facer todos os pagos ata o 22 de abril, e así minorar a relación certificada de facturas pendentes, e a partir de aí, a cifra resultante será detraída de forma paulatina da participación nos ingresos do Estado.

A señora Estévez Álvarez di que votará en contra, gustaríalle ter lido os informes con calma.

O señor Lomba Alonso di que non está de acordo nin no fondo nin na forma, se van abster, non tiveron tempo para estudar o asunto, e esixe unha explicación de Convergencia Galega e o GMS da situación á que levaron ó Concello da Guarda.

A señora Iglesias Ferreira pregunta a qué administracións cercanas se refire a concelleira de facenda, contestando a señora Magallanes Álvarez que se trata do Concello do Rosal, e da depuradora.

A señora Iglesias Ferreira di que sorprenden as cousas que se traen ó Pleno, pois Convergencia Galega votou a favor do orzamento do Padroado e logo presenta alegacións. Di que se van abster, e desexan que o feito de non acudir ó Plan de Axuste sexa beneficioso para o Concello.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Sae o señor Español Otero, 00:58 horas).

### **MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POR CONVERXENCIA GALEGA SOBRE O CONSERVATORIO MUNICIPAL DA GUARDA**

A señora Estévez Álvarez di que como o GMS presentou unha moción sobre a Escola Municipal na Comisión de Asuntos Plenarios, eles consideran que tamén debe ser asumido pola Xunta o Conservatorio. Di que xa antes contestou o señor Lomba Baz dicindo que o Conservatorio non se podía traspasar, pero tamén era bó iniciar o procedemento para ese traspaso.

Pregunta a señora García Díaz se a señora Estévez Álvarez mantén a moción, contestando ésta que sí.

A señora García Díaz di que votarán a favor da urxencia.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor da urxencia.

O señor Lomba Baz di que votarán en contra, non o consideran urxente.

Sometida a votación a urxencia acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).

**A urxencia non prospera.**

(Regresa o señor Español Otero, 01:00 horas).

### **MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR: REXEITAMENTO OS ACTOS VANDÁLICOS E IMPOSICIÓN DO DÍA DA FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO NA GUARDA.**

O señor Fontenla Martínez di que os actos sucederon onte, polo que así se xustifica non haber presentado antes a moción.

A señora García Díaz di que votarán a favor da urxencia.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor da urxencia.

O señor Alcalde di que votarán a favor da urxencia.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a urxencia, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

O señor Fontenla Martínez da lectura da moción:

### **“MOCIÓN: REXEITAMENTO OS ACTOS VANDÁLICOS E IMPOSICIÓN NO DÍA DA FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO NA GUARDA**

So un día despois da Folga Xeral convocada polos sindicatos, na Guarda temos que falar, máis que de seguimento ou non da mesma, dos desperfectos e actos vandálicos que de forma paralela a folga ou amparados nela ocorreron en diversos lugares da nosa localidade.

O Artigo 28.2 da Constitución Española recolle:

"Recoñecese o dereito a folga dos traballadores, co fin de defender os seus intereses."

Dende o Partido Popular creemos que este dereito lexítimo ten que ser respectado, como tamén debe ser respectado o dereito dos traballadores, dos empresarios e dos donos dos negocios a seguir traballando. A imposición, a coacción e as ameazas atacan de forma frontal e van en contra da liberdade e dos dereitos individuais das persoas. E por iso que non podemos deixar de expresar o noso apoio a todos aqueles que sofren estes atentados contra os seus dereitos, un dereito lexítimo de folga ou de asistir o seu posto de traballo que debe ser soamente decisión de cada un.

Por todo iso propomos o pleno deste Concello a aprobación e toma dos seguintes acordos:

- Manifestar a nosa solidariedade a todos aqueles que sufriron coacción, ameazas, insultos ou destrozos soamente por exercer os seus dereitos, facéndolle chegar de forma pública o noso apoio, respecto e ánimo.
- Trasladar as organizacións sindicais e a os representantes da patronal con presenza no noso Concello este acordó, en mostra do apoio firme deste concello as liberdades individuais das persoas tanto a exercer o dereito a folga como a non exercelo, facendo prevalecer a liberdade de cada quen a decidir de forma persoal e sen ningún tipo de ameaza ou presión.
- Solicitar dos responsables municipais que en vindeiras convocatorias de folga se pona en marcha un dispositivo de vixilancia e protección que evite os actos vandálicos e garanta as liberdades individuais dentro do noso concello. Cunha cobertura horaria e persoal acorde cos problemas suscitados nas últimas convocatorias de folga.

A Guarda, 30 de Marzo 2012

Antonio Fontenla Martínez”



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que están de acordo anto coa folga como con quen quere exercer o seu dereito ó traballo.

O señor Lomba Alonso di que condenan calquera acto vandálico que ocorra en calquera data do ano, di que coa solicitude de que sexa trasladada a moción ás organizacións sindicais se está criminalizando a folga, pois se teñen dado actos vandálicos noutros días. Pensa que a moción é tendenciosa, sobre todo o punto segundo, e pregunta por qué se ten que trasladar ás organizacións sindicais. O BNG rexeita os actos vandálicos, pero a moción relaciona actos vandálicos coa folga. Se van abster.

O señor Español Otero di, en relación co punto terceiro, que a quen lle corresponde a vixiancia é a quen coordinou, o Ministerio e a Subdelegación. O Concello ten os medios que ten en relación coa potestade de control e vixiancia. Di que o punto segundo é tendencioso, e pregunta se o que queren dicir é que os sindicatos teñen que ver cos actos vandálicos. O GMS rexeitaría de forma global os actos vandálicos, apoian o primeiro punto, pero non o resto.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que ó PP lle gustaría manifestar o apoio ós que sufriron coaccións nun sentido e noutor, están dispostos a retirar os dous últimos puntos, polo que a moción quedaría redactada como segue:

### **“MOCIÓN: REXEITAMENTO OS ACTOS VANDÁLICOS E IMPOSICIÓNS NO DÍA DA FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO NA GUARDA**

So un día despois da Folga Xeral convocada polos sindicatos, na Guarda temos que falar, máis que de seguimento ou non da mesma, dos desperfectos e actos vandálicos que de forma paralela a folga ou amparados nela ocorreron en diversos lugares da nosa localidade.

O Artigo 28.2 da Constitución Española recolle:

"Recoñecese o dereito a folga dos traballadores, co fin de defender os seus intereses."

Dende o Partido Popular creemos que este dereito lexítimo ten que ser respectado, como tamén debe ser respectado o dereito dos traballadores, dos empresarios e dos donos dos negocios a seguir traballando. A imposición, a coacción e as ameazas atacan de forma frontal e van en contra da liberdade e dos dereitos individuais das persoas. E por iso que non podemos deixar de expresar o noso apoio a todos aqueles que sofren estes atentados contra os seus dereitos, un dereito lexítimo de folga ou de asistir o seu posto de traballo que debe ser soamente decisión de cada un.

Por todo iso propomos o pleno deste Concello a aprobación e toma dos seguintes acordos:

- Manifestar a nosa solidariedade a todos aqueles que sufriron coacción, ameazas, insultos ou destrozos soamente por exercer os seus dereitos, facéndolle chegar de forma pública o noso apoio, respecto e ánimo."



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a moción, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### PUNTO 9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:**

1.- O señor Lomba Alonso pregunta se o Concello contratou a elaboración dunha guía turística con algunha empresa, contestando a señora Magallanes Álvarez que hai un convenio cunha empresa. O señor Lomba Alonso denuncia que a empresa estea falando en nome do Concello da Guarda, e pide que se tomen as medidas oportunas.

A señora Magallanes Álvarez di que non lles constaba, e transmitirán a queixa.

(Sae o señor Rodríguez González, 01:15 horas).

2.- O señor Lomba Alonso mostra un letreiro que apareceu na porta do domicilio dunha veciña de Camposancos, facéndolle saber que ten unha débeda coa Entidade Local Menor, e pregunta se o señor Alcalde está de acordo con estas prácticas e acepta estes métodos. Di que debe ser reprobado polo Alcalde, e pedirle explicacións ó Presidente da Entidade Local Menor, tendo en conta ademáis, non só a contía do recibo pendente, senón a lei de protección de datos. Anuncia que presentarán unha instancia na Entidade, e piden que o Alcalde faga unha condea dos feitos.

( Regresa o señor Rodríguez González, 01:16 horas).

O señor Alcalde di que a Entidade Local Menor de Camposancos é un ente autónomo, e non está tutelada polo Concello. O Presidente sabe a opinión do Alcalde, pero o Alcalde non vai tutelar nin a reprobar conductas da Entidade, pode ser un fallo dunha persoa que traballa na Entidade por descoñecemento.

O señor Lomba Alonso di que lles parece algo moi serio, e pensa que é cobarde non condenalo.

3.- A señora García Díaz pregunta pola Ordenanza de vallas publicitarias, contestando o señor Alcalde que hai algo en marcha. A señora García Díaz fai referencia á existencia dun valado enorme á entrada da Guarda ó lado dunha casa indiana. O señor Alcalde di que se está pensando en suprimilos en certos tipos de solo.

4.- A señora García Díaz di que na rúa Baixo Muro se produciron situacións de ruidos e altercados, contestando o señor Español Otero que tiveron coñecemento, se deu traslado á Policía, e se fai limpeza cada fin de semana.

5.- A señora García Díaz roga a revisión e arranxo en todos os parques infantís.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que a reposición neste momento é complicada. A señora García Díaz di que as queixas son, sobre todo, no Castro, e o señor Español Otero di que están en estado de inspección e non lle ve deterioro.

(Sae o señor Lomba Alonso, 01:25 horas).

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PP:**

1.- A señora Iglesias Ferreira tamén denuncia a aparición do cartel no domicilio dunha veciña da Entidade Local Menor de Camposancos, eles incluso consultaron coa secretaria sobre a validez deste tipo de *notificación*.

2.- A señora Iglesias Ferreira fai constar que a pérgola do parque da praia da Armona está nunha situación perigosa.

3.- A señora Iglesias Ferreira traslada o rogo dun veciño en relación coa substitución da tapa dunha farola da Alameda. O señor Español Otero di que se darán instrucións.

(Regresa o señor Lomba Alonso, 01:28 horas).

4.- A señora Iglesias Ferreira roga a reposición do firme do piso nunha parte do parque infantil do porto.

5.- A señora Iglesias Ferreira roga a reposición dunha tapa dun poste cerca do Centro de Saúde. O señor Rodríguez González di que xa foi comunicado a Telefónica, se lle recordará de novo.

(Sae a señora Estévez Álvarez, 01:29 horas).

6.- A señora Iglesias Ferreira pregunta pola situación dun columpio no parque do edificio de Julia Vaquero, contestando o señor Alcalde que foron uns vándalos. A señora Iglesias Ferreira deixa tamén constancia deste tipo de actos nas rúas Baiona e Transversal Troncoso.

7.- A señora Iglesias Ferreira roga a revisión dos contedores, e o señor Rodríguez Gonzáles di que se está facendo limpeza manual cada xoves, con catro ou cinco persoas. A señora Iglesias Ferreira pide que se faga tamén en Camposancos.

(Regresa a señora Estévez Álvarez, 01:30 horas).

8.- A señora Iglesias Ferreira roga a reposición de puntos de luz en Solanas.

9.- A señora Iglesias Ferreira roga a revisión da vala do Sinde Vello, pola rúa de atrás, que da ó albergue.

10.- A señora Iglesias Ferreira pregunta por qué se recolleu o material deportivo de Lamiña esta semana. O señor Crespo González di que é a primeira noticia que ten. A señora



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Iglesias Ferreira di que estaban tirados na zona de monte e xa non están. O Alcalde di que se interesarán.

11.- A señora Iglesias Ferreira pregunta por dous escrito que presentou, contestando o señor Español Otero que un deles foi trasladado ó departamento de urbanismo, e a outra resposta sobre Vicente Sobrino se lle dará en breve por escrito. A señora Iglesias Ferreira di que se trata dunha esquina perigosa.

12.- O señor Fontenla Martínez roga a delimitación de zona de aparcamento fronte á Escola Infantil na rúa Rosal, pois hai imposibilidade de aparcar. O señor Español Otero di que foi unha petición dos veciños. O señor Fontenla Martínez di que hai un contedor que estreita tamén o paso, sería mellor ampliar a delimitación da prohibición diante. O señor Español Otero di que hai un cebreado, e están dispostos a velo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo a unha e trinta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre